

foz

O Concello e a Deputación farán melloras de accesibilidade no centro urbano. **Pax. 6**

burela

O Pleno aproba coa abstención do BNG un orzamento de 7,7 millóns de euros. **Pax. 8**

viveiro

Arranca o ambicioso proxecto municipal de programación turística Descubre Viveiro. **Pax. 12**

barreiros

Acondicionan a vía que une San Cosme con Insua con fondos do Plan Único. **Pax. 15**

cervo

O Concello recuperará toda a sinalización viaria no termo municipal. **Pax. 23**

A música convértese na protagonista do verán



Festival Bal y Gay.

Celebrará a súa nova edición do 12 ao 24 de agosto.

MindoMúsica. Mondoñedo clausura o 10 a cita obrigada coa música clásica.

Festival Vrao. Foz reúne o 13 e 14 de agosto aos artistas independentes.


A Deputación será a anfitroia da Copa Creativa

Este título recoñece iniciativas que promocionen o desenvolvemento sostible. **Pax. 21**

Medalla Castela para as Guerreiras

O Pescados Rubén FS feminino recibe a condecoración civil. **Pax. 26**

As Festas do Carme



Regresan a Foz estas tradicionais celebracións cun programa de 4 días. **Pax. 7**

Dúas Festas do Percebe



A cita gastronómica será o 23 en Xove e o 30 en Rinlo. **Pax. 11 e 17**

Volve e Martelazo Rock



Terá lugar en Xove o 24 de setembro coa actuación de 5 bandas. **Pax. 17**

A comarca recupera citas imprescindibles

A Romaxe Viquinga, o Ribadeo Indiano ou a Festa dos Chóferes de Alfoz teñen data sinalada.

O mega verán da túa fibra!

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB

+20 GB EXTRA GRATIS
durante 3 meses

CON CHAMADAS ILIMITADAS

+2ª LÍÑA MÓBIL 20GB GRATIS

17€
/mes
DURANTE 6 MESES

CHAMA GRATIS
900 651 728

Visítanos en
adamo.es

adamo
A mega fibra



2ª liña
móbil
GRATIS!



A revolución da Wi-Fi chega con Adamo!

Instalámosche gratis o mellor router do mercado



Oferta válida exclusivamente para novos clientes que no hayan contratado Adamo en los últimos 3 meses y que contraten entre el 01/07/2022 al 21/08/2022, ambos inclusive. No combinable con otras promociones. Internet FAST! + Móvil limitado 50GB con la promoción, durante los primeros 6 meses, solo pagarás 17€/mes, luego PVP total 44€/mes. Línea adicional MEGA 20GB gratis durante 12 meses incluida sujeta a disponibilidad en el sistema. En caso de no estar disponible en el momento de la contratación, se provisionará al cliente más tarde. Precio final con IVA y cuota de línea incluidos. Promoción sujeta a permanencia de los servicios de Adamo durante 12 meses. Cuota de activación de 12,10€ (IVA incluido) que incluye la instalación de un router premium. En caso de que el cliente solicite la cancelación del servicio y se diera de baja antes de transcurrir 12 meses, tendrá un cargo de la parte proporcional de 163,35€ (IVA incluido) en concepto de permanencia. Líneas adicionales limitadas a un máximo de 4 por cliente. Además, se contrata durante los meses de julio e agosto, obterás 20 GB extra/mes durante os 3 meses seguintes ao teu contrato.

A MARIÑA

Epicentro da música clásica

O Festival Bal y Gay celebrará a súa novena edición do 12 ao 24 de agosto por toda A Mariña



Dúas das formacións que integran o programa do festival que se celebra na Mariña. Abaixo, o cartaz

A nova edición do Festival Bal y Gay, proxecto familiar que se converteu en toda unha referencia española, aposta como sempre pola excelencia. A Mariña converterase en epicentro nacional da música clásica con propostas tan atractivas como Elisabeth Leonskaja, a gran dama do piano (día 21 de agosto, Auditorio Hernán Naval de Ribadeo); Pablo Ferrández, o violonchelista español con maior proxección mundial (día 22, Auditorio Pascual Veiga de Mondoñedo); o Cuarteto Quiroga, toda unha referencia en Europa (día 23, Iglesia de San Martiño de Foz); e a Orquestra Sinfónica de Galicia, considerada unha das mellores de España (día 24, Catedral de Mondoñedo). A aplaudida Real Filharmonía de Galicia (día 12, Teatro Pastor Díaz de Viveiro) inaugurarán o festival, que tamén recibirá á recoñecida formación belga Armida Quartet (día 13, Pazo do Conde de Fontao de Foz), ao soado contrateno Carlos Mena (día 14, Iglesia de Santiago de Foz) e ao emerxente Dúo do Valle (día 17, Fábrica de Sargadelos de Cervo). Así mesmo,

haberá concertos familiares, conferencias e talleres.

“Seguimos fieis aos obxectivos dos nosos inicios cunha programación de calidade e moi variada. Este ano terá un carácter máis internacional, combinando nomes contrastados con novos talentos. Estamos ante un gran reto despois da pandemia e faremos todo o posible para encher cada concerto”, asegurou Alba Rodríguez, director do festival. “O valor da cultura e da música é incalculable. Demostrámolo con este proxecto baseado na integración da poboación local e na convivencia a través das artes escénicas”, engadiu so-

bre esta edición que abarca sete municipios: Foz, Mondoñedo, Viveiro, Ribadeo, Cervo, Lourenzá e Barreiros. Así mesmo, o festival

fixo balance sobre o proxecto socioeducativo da Fundación Xesús Bal y Gay, organizadora do festival, cos seus proxectos ‘Sinfónico non rural’ (20 nenos en Barreiros e Pontenova), patrocinado pola Fundación “a

Caixa”, e ‘Operiña nas escolas’ (90 nenos en Viveiro e Voz). “Vimos unha transformación absoluta de moitas familias respecto a a música clásica. Temos que perder os prexuízos e lembrar que a música logra mellorar a comunicación, o

rendemento educativo no alumnado e axuda á cohesión social”, concluíu Rodríguez.

A boa xestión do Festival Bal y Gay foi avalada por entidades privadas e públicas, que posibilitaron a solidez e estabilidade do proxecto. Mantense a Fundación Banco Sabadell como principal entidade colaboradora, o apoio esencial da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Lugo, así como a axuda dos concellos participantes (Foz, Mondoñedo, Viveiro, Ribadeo, Cervo, Lourenzá, Barreiros) e outros patrocinios de empresas clave da zona.

Así mesmo, o Goberno autonómico apoia este ano o certame con 30.000 euros, o dobre que na última edición. “Queremos seguir apoiando así non só a realización dun evento de gran calidade, tamén a chegada de actuacións deste tipo a un entorno como a Mariña lucense, que conta cunha forte identidade con arraigo en valores culturais, patrimoniais e naturais que reflicten a súa gran singularidade”, expresou o conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez.

PROGRAMA

- 12 de agosto, Teatro Pastor Díaz de Viveiro REAL FILHARMONÍA DE GALICIA. Interpretará ‘Serenata para cordas’ de Xesús Bal y Gay e a ‘Sinfonía no.7’ de Beethoven.
- 13 de agosto, Pazo del Conde de Fontao de Foz ARMIDA QUARTET. Ofrecerá obras de Bach, Nikodijevic e Mozart.
- 14 de agosto, Iglesia de Santiago de Foz CARLOS MENA. Presentará xunto a Samuel Maíllo un repertorio con música española e italiana o século XVII.
- 15 de agosto, Ribadeo e 16 de agosto, Foz TÍTERES ETCÉTERA. Concierto infantil ‘Almavera’ (sonata para violín e títeres).
- 17 de agosto, Fábrica de Sargadelos de Cervo DÚO DEL VALLE. Realizará obras de Mozart, Schubert, Bennet e Ravel.
- 18 de agosto, Finca Goleta de Foz. ANDREAS PRITTWITZ LOOKINGBACK QUINTET. Jazz de sonoridad renacentista e moderna.
- 19 de agosto, Barreiros e Vilanova de Lourenzá SKIRION. Cuarteto de saxofones con obras de Nyman, Maslanka e Lago.
- 21 de agosto, Auditorio Hernán Naval de Ribadeo ELISABETH LEONSKAJA. A gran dama do piano actuará por primeira vez no festival.
- 22 de agosto, Auditorio Pascual Veiga de Mondoñedo PABLO FERRÁNDEZ. O xoven violonchelista madrileño tocará dúas suites de Bach.
- 23 de agosto, Basílica de San Martiño de Foz CUARTETO QUIROGA. Regresará ao festival con obras Haydn, Canales e Brahms tras actuar o pasado ano.
- 24 de agosto, Catedral de Mondoñedo ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA CON LUCAS MACÍAS Y SERENA SÁENZ. Repite clausura deste ano, agora coa ‘Sinfonía no.102’ de Haydn e la ‘Sinfonía No.4’ de Mahler.



Achega a Trabada e Ribadeo para acondicionar un camiño común

Os concellos de Trabada e Ribadeo conseguiron a subvención que solicitaron de forma conxunta á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta para acondicionar e pavimentar un camiño supramunicipal que une a través dunha ponte as parroquias trabadense de Valboa e a ribadense de Cedofeita.

“Agradecemos a axuda pero lamentamos que non alcance o máximo establecido na orde, que era o 80% do orzamento co límite de 50.000 euros para as solicitudes conxuntas, como neste caso”, afirma a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez. O orzamento das obras é de 62.500 euros e a axuda concedida de 43.750 euros, o 70% do custe total, co cal o 30% restante deben asumilo directamente ambos concellos con fondos propios.

A actuación consistirá no acondicionamento e pavimentación do tramo,



Entradas do camiño en común en cada concello

a prolongación da obra de paso existente sobre o rego Ferreira e a instalación de barreiras de seguridade en ambas marxes, coa finalidade de dotar uns accesos en boas condicións.

ABASTECIMENTO. O pleno do Concello de Trabada aprobou cos votos a favor en solitario do grupo municipal socialista un convenio co Concello de Ribadeo para o subministro de auga aos núcleos de Vilarbetote, Sante, A

Rabexa, Pedrido, Pacios, San Martiño e Vilafernando.

O abastecemento de auga prodúcese a través dunha captación no Río Eo, captación que se localiza en Trabada mediante un bombeo no río que leva a auga ata a ETAP onde se potabiliza (propiedade do Concello de Ribadeo). Posteriormente vólvese a bombear ata un depósito de 1.000 m³ de capacidade operativa situado en Vilarbetote (Trabada).

69 prazas en cinco proxectos de FP dual na Mariña lucense

A nova oferta de ciclos formativos para A Mariña contempla 69 prazas novas en FP Dual. Nesta comarca abren matrícula un total de cinco proxectos de FP Dual. Dous deles, o de Mecatrónica industrial, no instituto Perdouro de Burela, e o de Instalacións eléctricas e automáticas, no CIFP Porta da Auga de Ribadeo, son novos respecto ao presente curso.

A relación de ciclos de FP Dual é a seguinte: no IES Perdouro de Burela será o CS Mecatrónica industrial e haberá 13 prazas, no IES de Foz haberá o CS Dirección de cociña con 12 prazas e o CS Dirección de servizos de restauración con 20, e xa por último no CIFP Porta da Auga haberá 12 prazas para o CM Instalacións eléctricas e automáticas e outras 12 para o CM Aproveitamento e conservación do medio natural no CFEA Pedro Murias.

Licitada a supresión do bloqueo telefónico no tramo Ortigueira-Ribadeo da liña de ferrocarril

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, celebrou o “paso decisivo” para a mellora das comunicacións por ferrocarril na comarca da Mariña que dá o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana coa licitación da redacción do proxecto construtivo e a execución das obras de supresión do bloqueo telefónico no tramo de Ortigueira a Ribadeo. Trátase dun importante proxecto que o Ministerio saca a licitación por un importe de 24,2 millóns de euros (IVE incluído).

Esta actuación ten un valor estimado de 24.214.024,60 euros (IVE incluído) e un prazo de execución previsto de 27 meses.

O tramo Ortigueira-Ribadeo, que

forma parte da liña de ancho métrico Ferrol- Pravia, ten unha lonxitude de 101 km entre a estación de Ortigueira e o viaduto da Ría de Ribadeo, en vía única non electrificada. Este tramo está dotado de sistema de axuda á condución de Anuncio de Sinal e freado Automático (ASFA) analóxico e bloqueos telefónicos entre as estacións lindieras.

O obxecto desta actuación é o equipamento das instalacións de seguridade e comunicacións necesarias para substituír o actual bloqueo telefónico do tramo mencionado, por bloqueo automático tipo BLAU regulados por telemando desde o Centro de Regulación de Circulación (CRC) do Berrón (Asturias).

Adamo arrinca as obras para levar a fibra a 7.200 vivendas

Os traballos de enxeñería para dotar de fibra óptica a máis de 7.200 vivendas de 8 concellos lucenses xa están en marcha. En concreto, serán diferentes áreas de Abadín, Castroverde, Chantada, Friol, Guitiriz, Monforte de Lemos, A Pontenova e Riotorto as que contarán a finais de veráns coa conexión a Internet máis rápida que existe hoxe no mercado (1.000 MB), que fornece o operador.

A subdelegada do Goberno na provincia, Isabel Rodríguez, recibiu na sede da institución que lidera a David Llano, responsable de Adamo en Galicia, quen lle explicou os detalles sobre o novo equipamento, así como sobre o conxunto de despregamentos previstos para o terceiro e o cuarto trimestre. Neste último período, Adamo engadirá unha cifra similar ao anterior, cuns 7.000 fogares conectados

por medio da súa fibra óptica.

AXUDAS PÚBLICAS. Este crecemento apóiase, por unha banda, nos fondos propios de Adamo (leva investidos máis de 20 millóns de euros en Lugo). Por outro, a expansión é posible grazas ás subvencións do Programa de Banda Ancha de Nova Xeración (PEBA) do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que está cofinanciado pola Unión Europea (UE). Así, preto de 6 millóns xa se destinan ao desenvolvemento desta infraestrutura na provincia, cantidade que facilitará a conexión de máis de 26.500 fogares lucenses. É dicir, que a colaboración público-privada, o traballo conxunto entre Adamo e o Goberno, é a fórmula que está a permitir o desenvolvemento da fibra óptica no territorio lucense.

Presentan a moción en defensa da saúde mental da Plataforma

A Plataforma Sanitaria da Mariña rexistrou nos concellos da comarca unha moción para ser debatida nos plenos municipais. Os activistas destacaron a situación de emerxencia que está a sufrir o servizo de saúde mental da Mariña, cunha sola psiquiatra dos tres que conforman a dotación, para atender a unha comarca de preto de setenta mil habitantes.

“A ausencia dos outros dous facultativos produce unha enorme sobrecarga asistencial sobre a única profesional que existe a día de hoxe, retrasa o seguimento dos pacientes xenerando unhas longas agardas para o seu seguimento e provoca disfuncionalidade da unidade de continuidade de cuidados”, contaron. E alertan tamén que a dotación de psicólogos clínicos é moi inferior á media de profesionais do Estado, imposibilitando a realización de sesións de psicoterapia que permitirían a



menor prescrición de psicofármacos. Explican tamén que a unidade de atención a drogodependencias de Burela (UAD) está xestionada polo Concello pero atende aos catorce concellos da Mariña a través de subvencións en vez de estar totalmente integrada no Sergas.

O colectivo sanitario insta á Xunta a que solucione de inmediato a situación de emerxencia substituíndo aos profesionais ausentes e mesmo que se aumenten os ratios.



MENÚ DIARIO

MENÚS ESPECIALES

PESCADOS

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

“Tocar diante da nosa xente, como e onde sexa, sempre”

O grupo Tumba e Dálle está formado por seis rapaces da comarca

O grupo Tumba e Dálle, formado por mozos de San Miguel en Barreiros, Rinlo, Ribadeo, Trabada e Lourenzán, gañou o concurso Interritmos Sons do Rural celebrado no Náutico de San Vicente no Grove xunto co grupo Abril.

Quen á fronte de Tumba e Dálle?

Somos 6 persoas as que compoñemos o grupo: Laura Fernández Rañón, de Ribadeo, Jesús Rodríguez Penabad, de Rinlo, Sergio Prieto Yáñez, de Trabada, Xosé Miguel Ramil Seivane de Lourenzán e Xoel e Xoán Manuel Díaz Branco, irmáns de San Miguel. Decimos que somos os 6 quen estamos á fronte porque as decisións se toman democraticamente en pé de igualdade.

Como xurdiu o nome?

Algún dos integrantes, pouco antes de formar o grupo, fomos tocar de xeito informal a unha romaría que organizaban uns amigos e pedíronnos que dixésemos un nome para poñer no cartel. E saímos así a bote pronto esa expresión que lla acababamos de escoitar a unha persoa. Despois cando nos reunimos para botar a andar o grupo e falamos de qué nome poñer propuxemos ese e ao resto tamén lles pareceu ben.

Como empezou a aventura?

Todas as persoas que comezamos viñamos do mundo do asociaciónismo e do folclore, no cal a música é importante, obviamente, pero no que a centralidade é o baile. E todos tiñamos a necesidade de musicalmente dar un paso máis. Xoán foi un pouco o que levou a iniciativa de falar co resto e apenas un mes despois de comezar a ensaiar xa chegou o primeiro concerto, en setembro de 2010. E ata hoxe.

Xa erades amigos?

Cando comezamos eramos 8

persoas e 7 estabamos ou estiveramos no Arco da Vella, de San Miguel polo que sí que nos coñeciamos e tiñamos relación. A Miguel que era digamos o restante, coñecía Xoán e sabía que tocaba o acordeón diatónico así que lle propuxo montar o grupo.

Como xurdiu a paixón pola música?

Todos nos formamos inicialmente do mundo dos grupos folclóricos e asociacións dese tipo, despois unha vez che pica o verme pois xa individualmente fomos adquirindo coñecemento e práctica por outras vías.

“A primeira actuación foi na I Festa da exaltación do Cemento, unha reivindicación para denunciar a desfeita urbanística que se levaba a cabo no noso Concello”

Como eran aquelas primeiras ocasións en que vos xuntabades para tocar?

As primeiras veces foron untanto caóticas e ata estresantes. En primeiro lugar estabamos acostumbrados a tocar sen arranxos, e ao principio xa arranxar os temas tiña a súa complicación. Despois había que memorizalos e colocalos no sitio. E todo iso cando despois de apenas dous ensaios xa nos comprometimos para a primeira data. Foi empezar de cero nun mundo novo e a contrarreloxo. Foi estresante pero nin tan mal...

Onde tocábades? seguides no

mesmo sitio?

Pois comezamos ensaiando en San Miguel, nos Colexios Vellos. Despois por motivos de obras trasladámonos a Celeiro onde nos cederon un local que temos acondicionado xa máis ou menos ao noso gusto e onde xa estamos asentados. Entre medias tamén nalgunha ocasión temos ensaiado e Rinlo nun local particular da familia de Jesús.

Seguis tocando os mesmos instrumentos que de cativos?

Seguimos tocando os mesmos pero fomos sumándolle outros. Todos tocamos varios e iso dálle tamén bastante versatilidade ao grupo. Miguel formouse de cativo en gaita pero no grupo toca o acordeón diatónico, Xoel comezou en tambor e toca o clarinete, ou Sergio comezou coa pandereita e no grupo toca máis o bombo con prato. Pero despois individualmente aínda que non sexa no grupo todos tocamos varios e iso dáunos unha solvencia á hora de arranxar, de ter un gusto definido, fainos mellor músicos en definitiva.

Como definides a vosa música?

A nosa música principalmente é música tradicional galega, pezas populares que pasamos polo noso tamiz para, a base arranxos, que acaben tendo un son propio que o público identifique rapidamente como Tumba e Dálle. Ultimamente tamén estamos incorporando temas de composición propia pero de momento seguimos bebendo principalmente da tradición.

Lembrades a primeira actuación diante de público?

Por suposto. Foi a I Festa da exaltación do Cemento, o 18 de setembro de 2010. Fora unha festa reivindicativa que se organizara en San Miguel para denunciar a



desfeita urbanística que se estaba levando a cabo no noso Concello. Cando comezamos os ensaios foi en agosto, e rodeados dunha morea de grupazos consolidados, imaxina os nervios...

Estades a facer concertos, algún que lembredes con especial agarrimo?

Sería moi pomposo dicir que se un festival ou outro ou algún que tivemos que desprazarnos moitos quilómetros. Mesmo sería tamén moi recorrente dicir que tocar hai pouco no Interritmos, onde tivemos a honra de gañar o premio. Pero a realidade é que temos varios lugares onde levamos tocando dende que comezamos ou cando menos dende hai moitos anos, San Miguel, Rinlo, Celeiro... e diante da nosa xente, xente que nos segue dende sempre, que sabe as nosas cancións. Tocar para toda esa xente, como e onde sexa, sempre son os nosos

concertos preferidos e aos que lles gardamos máis cariño.

Como xurdiu o participar no Interritmos?

Pois falámolo nun ensaio, como todos os pasos que damos. O certo é que A Mariña está un tanto alonxada dos circuitos de música tradicionais, e senon saímos nós a vender o noso produto, pasamos desapercibidos para festivais, programadores, radios, et.c. E foi un pouco con esa intención. E dende logo con fins de promoción pero en ningún caso coa esperanza de gañar.

Esperavades gañar?

Xa foi unha sorpresa estar na final o que para nós xa era toda unha victoria. Ademais había bastante nivel en canto aos demais grupos. Así que cando na gala final deron os grupos gañadores e dixeron o noso nome foi unha super sorpresa.

MEMBER OF
Dow Jones Sustainability Indices
In Collaboration with RobecoSAM

Changing Tomorrow Now

ya llevamos 14 años cambiando hoy el mañana

edp

edp.com

in t o f d e

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



Renovación e ampliación da LU-P-2601, no concello de Xove

A Deputación investiu máis de 270.000€ nos preto de 3 quilómetros da estrada que conecta a capitalidade do concello coas parroquias de Lago e Morás.

As actuacións afectaron a case 3 quilómetros da estrada, dende o punto quilométrico 0,4 ata o 2,85. Ampliouse o ancho da plataforma, habilitáronse dous carrís de 2,75 metros cada un e afirmáronse as zonas ensanchadas para, finalmente, pavimentar a calzada con aglomerado en quente. Para conseguir estas melloras, a Deputación adicou máis de 270.000€ a estes traballos.

Esta estrada conecta a capitalidade do concello mariñano co Portiño de Morás, dando servizo á veciñanza das parroquias de Lago e Morás e tamén aos traballadores e traballadoras de varias empresas instaladas nesta zona.

Con estas obras materialízase un dos principais obxectivos da Deputación, como é mellorar as comunicacións viarias, que son necesarias para verdadeiramente avanzar cara o equilibrio territorial e a igualdade de oportunidades entre toda a veciñanza da provincia de Lugo.



A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO

Somos unha empresa especializada na Construción de Obra Civil con máis de 15 anos de experiencia no sector. Encargámonos de todas as fases do proxecto desde a planificación, construción e mantemento de obra pública.

- OBRA CIVIL
- FABRICACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS ASFÁLTICAS
- TRATAMENTO DE RESIDUOS
- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS
- TRANSPORTES ESPECIAIS
- ALUGUEIROS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS
- DESEÑO DE PROXECTOS



C.F.L.
CARFERLO



Foz terá un orzamento de máis de 8,5 millóns

Aprobado o orzamento para o 2022 do Concello de Foz co voto favorable do PSOE e o BNG e no que o alcalde, Fran Cajoto, destaca que “son unhas contas da recuperación, da volta á normalidade e da inversión real”.

En palabras da tenente de alcalde e concelleira de Facenda son “os orzamentos da recuperación, da volta á normalidade e do investimento real”. A este respecto destaca que “continuamos apostando pola parte social, para acompañar á xente que o está a pasar mal, especialmente nun contexto de subida de prezos”. A volta á normalidade despois dunha pandemia tamén é destacable: a concelleira de Facenda, que tamén o é de Cultura, salienta as partidas destinadas a cultura e a distintos eventos: “nunca deixamos de programar, tampouco no ano 2020, pero este verán volvemos completamente á normalidade e nótase. Apostamos polo teatro, investimos na biblioteca e na Feira do Libro e nun festival co mellor da música galega, pensado para os máis novos, como é o Festival Vrao. Des-

tinamos 103.000 euros de fondos propios para a renovación e mellora da Sala Bahía e 5.500 euros para novo material da Escola Municipal de Música Arcadio Mon”.

Dentro da renovación e mellora da sinalización turística de Foz destínanse 8.000 euros para o sendeiro azul e outras rutas no concello, ademais de 5.000 euros para novos equipamentos informáticos cos que facilitar o traballo dos funcionarios e empregados municipais.

O alcalde destaca ademais o esforzo inversor en infraestruturas: “unha partida de algo máis de 53.000 euros para a renovación de viais en parroquias, 48.000 euros para a adquisición de maquinaria para a mellora e desbroce de camiños, 58.000 euros para o remate das obras da Costa do Castro, como marca o convenio asinado coa Deputación de Lugo, así como 139.000 euros para costear o inicio das obras -tamén en colaboración coa Deputación de Lugo- de renovación do eixo entre Glorieta de Vilalba e Campo da Cabana, polas casas baratas.

Deputación e Concello mellorarán a accesibilidade no centro urbano

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto co alcalde de Foz, Francisco Cajoto Caserío, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta ó Concello medio millón de euros para mellorar a mobilidade e a accesibilidade de varias rúas que conectan o centro da vila mariñana e os comercios coa praia da Rapadoira e a zona de hostalaría. A achega da Deputación representa máis do 70% do investimento necesario para sacar adiante esta actuación, á que o Concello dedica 224.000€, polo que o importe total ascende a preto de 800.000€.

O proxecto para mellorar a accesibilidade no centro urbano de Foz que cofinancia a Deputación afectará ás rúas Eduardo Pondal, Salvador de Madariaga, Irmandiños, Curros Enríquez e á Praza de Galicia. Contempla a construción de beirarrúas anchas, de dous metros, e a conversión das vías de dobre sentido a unha de sentido único en dirección á zona de praia cunha calzada compartida entre vehículos e bicicletas, con pasos de peóns elevados para calmar o tráfico. Na Praza de Galicia está previsto



deixar unha plataforma única delimitada só para residentes.

A actuación repercutirá no calado do tráfico con pasos elevados de peóns e beirarrúas accesibles, xa que na actualidade constitúen unha barreira arquitectónica para persoas con problemas de mobilidade.

A mellora deste eixo urbano permitirá constituír un camiño peonil seguro para todos aqueles que se despracen entre o centro da vila e a zona da Rapadoira, nun espazo sensible ademais pola presenza do Colexio

Público Número 1.

Está prevista tamén a construción dunha nova rede de colectores de saneamento por calzada mediante a separación de residuais e pluviais e a reposición do abastecemento, renovando as tubaxes. Tamén a reposición do alumeadado público coa substitución das luminarias existentes por outras de baixo consumo e colocaranse elementos para humanizar a zona, como árbores, bancos e papeleiras, así como pantallas para cubrir os colectores de lixo.



MARTÍNEZ OTERO DE FOZ. O alumnado de 1º e 2º de Primaria do Colexio Martínez Otero de Foz realizou a súa excursión de fin de curso. En primeiro lugar, visitaron a Fortaleza de Tovar, en Lourenzá. Despois de aprender sobre xogos tradicionais, saíron cara Ribadeo pero só puideron visitar o cargadoiro e o reloxo de sol por mor da chuvia.

O obradoiro Terras do Ouro rehabilitou unha ponte no paseo do río Ouro

O alumnado da Escola Obradoiro Terras do Ouro 2021 procedeu á rehabilitación dunha ponte no paseo do río Ouro, que salva o aliadoiro da canle pola que Foz se abastece de auga.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, destaca “o bo facer dos alumnos e alumnas do taller e dos seus mestres, que eliminaron un cruce ben perigoso no límite entre as parroquias de Fa-

zouro e Santa Cilla, xa que o anterior paso estaba en moi mal estado de conservación. Están traballando moi ben, con gañas, á vista está. Grazas a este obradoiro de desbroce e traballos forestais están aprendendo un oficio que demanda postos de traballo. Ademais, polos traballos adicionais que se inclúen para a mellora de camiños puideron arranxar esta ponte. Estámolles todos ben

agradecidos por ofrecernos unha vía segura nun entorno extraordinario como é o deste paseo”.

Fran Cajoto engade que “o Concello de Foz segue co compromiso de formar persoas e ofrecerlles unha saída laboral, para o que solicitou á Xunta de Galicia un novo obradoiro de forma conxunta con Alfoz e O Valadouro para o vindeiro curso, neste caso de xardinería”.

GALENDUR STORE
PRIMER Y ÚNICO CONCESIONARIO DE MOTOS ELÉCTRICAS PARA LA PROVINCIA DE LUGO

e-broh

BENEFICIASTE DEL PLAN MOVES III CON UN DTO. DE HASTA 1.300 EN EL NUESTROS TE LO GESTIONAMOS.

m8ves III

VERACIBLE DE VAL. Máx. 30 Km/h
PARA CARNET B

INICIA TU CAMINO ELÉCTRICO

- 10 veces MÁS ECONÓMICA que una convencional.
- Mucho más limpio y silencioso.
- Prácticamente SIN MANTENIMIENTO.
- Pagarás MENOS IMPUESTOS.
- Recargable en CUALQUIER ENCHUFE.
- Subvención PLAN MOVES III de hasta 1.300 Euros.
- Amplia gama de Maxi Scooter, Naked y Deportivas

Te llevamos la emoción a cualquier punto de nuestra provincia. Servicio técnico en 24-48 horas para toda la provincia de Lugo.

Ullámanos al 982.876.725 o visita:
www.galenduro.es

O pásate a vernos:
Taller y Exposición
Rúa Diego Pazos, 92-94
27600 - Sarria (LUGO)
Whatsapp: 696.130.764

LUCUS TELECOMUNICACIONES
ASESORES DE TELEFONÍA
BUSCAMOS COLABORADORES
VENTA DE MÓVILES Y ACCESORIOS

MÁSMÓVIL **pepephone DIGI finetwork Jozzele**
simyo Movistar llamayá* Lowi

LAMAS DE PRADO, 75 - 982 096 295
LUCUSTELECOMUNICACIONES@GMAIL.COM
LUCUS-TELECOMUNICACIONES.NEGOCIO.SITE

A música chega co festival Vrao e as festas do Carme

O Concello de Foz reinicia o festival VRAO, que se converterá “no mellor escenario da música independente galega. O Concello reúne o 13 e 14 de agosto unha selección dos mellores artistas da escena musical independente da nosa comunidade”, anunciaron o alcalde, Fran Cajoto e a concelleira de Cultura, Inés López, que presentaron o evento hoxe, xoves.

Fran Cajoto e Inés López destacaron que “o festival VRAO presentará nas rúas focegas os espectáculos de grandes bandas coma Dios ke te crew, Ortiga, Grande Amore ou Familia Caamagno. Tamén intervirán Momboi, Macheta Supahsound, Vilouta dj e Músculo! dj set. O Festival VRAO é a gran aposta da localidade cara aos creadores musicais galegos e os eventos culturais de calidade. Todas as actuacións do festival VRAO realizaranse nunha carpa habilitada na Praza Conde de Fontao, no porto de Foz, os días 13 e 14 de agosto desde as 21.00 ata as 3.00 horas. O acceso aos concertos será totalmente gratuito”.

CARME. Foz estará de festa os vindeiros 14, 15, 16 e 17 de xullo no que se celebrará a tradicional Festas do Carme, “que son un referente na vila mariñá”, explicaba o alcalde de Foz, Fran Cajoto Caserío.

Terán o seu inicio coa charla e exposición sobre os 40 anos de alfombras florais en Foz. Esta charla será a cargo de Antón Niñe e a exposición está formada por fotos da súa filmoteca persoal. Será no Cenima o venres 8 ás 19:30 horas.

Á seguinte semana celebraranse as verbenas. O xoves 14 será o día do pregón, na igrexa parroquial ao rematar a misa das 20 horas. Este ano



corre a cargo de Narciso Rodríguez Méndez (Siso). Pola noite haberá verbena na praia da Rapadoira a cargo da orquestra Los Coleguitas. O venres 15 Foz engalana as súas rúas para o paso da Virxe. Dende a tarde realizaranse as alfombras florais. Pola noite haberá verbena a cargo de Los Players e Grupo La Bamba. O día 16 é o día grande e ás 12 horas a misa será na praza Conde de Fontao, cantada por Mar Aberto, con posterior ofrenda e procesión. Ao finalizar haberá sesión vermú e pola noite verbena con La Ola ADN e Nostalgia. Finalmente o domingo 17 será o Día do Neno con xogos gratuítos para os máis pequenos pola tarde en Conde de Fontao e verbena con Capitol.

SANTA CECILIA. A fin de semana do 8, 9 e 10 de xullo na parroquia de Santa Cecilia no Concello de Foz, celebrarán unha festa popular pola honra á Virxe do Carme.

O venres 8 será a gran churrascada ás 21.00 horas e a continuación verbena coa orquestra Galilea e Discoteca Móbil.



Xa na xornada do sábado 9 haberá misa solemne ás 13.00 horas seguida de procesión e sesión vermú co grupo Montreal que ademais será o encargado de animar a festa da noite xunta coa orquestra Oca Band. O derradeiro día, o domingo 10 de xullo, repetirase o oficio relixioso ás 13.00 horas, a procesión e sesión vermú con grupo Lume. A organización informa de que disporán de carpa e amplos aparcamentos.

FAZOURO. Fazouro acolle o domingo 24 e o luns 25, as súas festas na honra de Santiago Apóstolo. O domingo 24 haberá misa solemne ás 13.00 horas na capela de San Salvador seguida de procesión e sesión vermú co Dúo EPO-K que será o encargado de amenizar a verbena xunto con Nostalgias de Vigo. A partir das 20.00 horas será o reparto das racións de troitas, torreznos, cachelos e pan, que terán un prezo de 5 euros. O luns 25 volverá o oficio relixioso na igrexa parroquial e a procesión, e acto seguido será a sesión vermú co grupo Fénix que tamén estará na verbena da noite.

Rematada a obra de mellora do dique da desembocadura do Ouro



Remataron as obras de rehabilitación do dique da marxe esquerda da desembocadura do Ouro, en Fazouro. Financiadas con fondos propios con cargo aos orzamentos do ano 2021, os traballos ascenderon a un importe de 32.181,18 euros. En palabras do alcalde, Fran Cajoto, “estas obras permiten garantir a continuidade do Camiño Natural da Ruta do Cantábrico, que se encontraba cortado neste punto, por mor dun derrube acontecido hai xa máis de 5 anos. Para nós era unha prioridade darlle continuidade e evitar riscos a todos os que continuaban

a camiñar pola zona, veciños e visitantes. Fíxose unha reconstrución da parte derruída e dun reforzo do conxunto, cun firme rematado en zahorra. Agora é seguro camiñar nas dúas marxes da ría de Fazouro”. Estas obras súmanse a outros traballos feitos polo Concello, como a recente consolidación dun noiro na zona central de Llas, ou pola Demarcación de Costas: no ano 2020, a reposición da escaleira de baixada do lado de Fazouro e a rehabilitación de rampla lado de Nois; e no ano 2021, a escollera en Llas, na zona do Cu do Castro.

Foz acolle diferentes cursos de natación para este verán

O Concello acolle diferentes cursos de natación para este verán e que serán en quendas segundo o tempo de ocio de cada participante.

A primeira quenda deste curso intensivo será do 4 ao 15 de xullo, a segunda do 18 ao 29 de xullo, a terceira do 1 ao 5 e do 16

ao 19 de agosto, e a última do 22 de agosto ao 2 de setembro.

Haberá cursos de familiarización, iniciación e perfeccionamento e as inscricións xa están abertas e deberán facerse chamando ao número de teléfono 982 132 831 ou mandando un email a cdmfoz@hebesport.es.



Burela xa conta co selo oficial como parte do Camiño do Mar

Burela xa conta co selo oficial do Camiño do Mar, un trazado que pasa pola localidade e recoñecido pola Igrexa Católica. Os peregrinos poderán pedir o selo tanto no Concello como na Oficina de Turismo, que xa estreou este distintivo cunha parella de peregrinos australiana. A luz do faro no selo debuxa unha cuncha de vieira, como os sinais que se atopan nos camiños de Santiago e serven de guía, cun torques que representa o noso pasado castrexo.

Ao carácter oficial e de recoñecemento eclesiástico deste camiño como unha das Rutas Xacobeas a Santiago, "deberá sumarse a oficialización por parte da Xunta de Galicia deste trazado que transcorre por toda a costa da Mariña Lucense e boa parte da Costa Ártabra, pasando en Burela polo



Camiño Real a Sargadelos e pola Igrexa da Vila do Medio, un revulsivo económico, cultural e social para a localidade", afirman desde o Concello.

O Camiño do Mar é unha antiga variante xacobeas do Camiño do Norte, caída en desuso, e que se está a recuperar seguindo fielmente os documentos da época que a recollen.

O Concello aproba os orzamentos do 2022 coa abstención do BNG

O Concello de Burela aprobou no Pleno celebrado a semana pasada os orzamentos para este ano e que ascenden a 7.778.000 euros e que se incrementan nun 10% aos do ano pasado.

Estes orzamentos foron posibles coa abstención do BNG e coas críticas do PP. O alcalde, Alfredo Llano, asegurou que se "volven destinar a atender ben os servizos e as necesidades da veciñanza".

No tocante ás diferentes partidas, 3.132.000 euros son para a de persoal; 3.643.000 euros para o gasto corrente que se incrementou en 400.000 euros para facer fronte á suba da enerxía e materias primas, e 223.872 euros para inversións reais. Ademais, inclúense 52.000 euros para o fondo de continxencia,



120.000 a axudas a colectivos locais, festas e eventos.

No capítulo de ingresos 2.533.000 euros foron recadados directamente, 55.000 indirecta e 1.483.000 a través das diferentes taxas. As aportacións de outras administracións

foron de 3.566.000 euros.

Pola súa banda o Grupo Municipal Popular de Burela votou en contra da aprobación dos orzamentos municipais para o 2022 que o goberno local levou ao pleno "por fin". O voceiro popular explica que se trata duns "orzamentos irrealistas porque calcan a estimación de ingresos do ano pasado no que o goberno local gastou máis do que ingresou. A desviación da relación ingresos-gastos foi superior aos 700.000 euros. É dicir, o goberno local recadou 700.000 euros menos do que esperaba; dando lugar a un balance negativo no exercicio 2021. E este ano volve pola mesma senda, desbordando un optimismo esaxerado as súas previsións e poñendo en serio perigo as xa de por si escasas arcas municipais".

O PP condena "o lamentable aspecto de beirarrúas"

O Grupo Municipal Popular condena "o lamentable aspecto de beirarrúas e moitas zonas públicas municipais que se atoparon os visitantes e asistentes ás festas patronais". E máis tendo en conta que "os veciños están a pagar o contrato de recollida do lixo e limpeza viaria máis caro da historia de Burela".

O voceiro, Manuel Rouco, considera "moi triste" que para as festas, "uns días nos que a afluencia de xente é masiva á nosa vila, os concelleiros do goberno local sexan incapaces

de poñerse en modo traballo e se vexan incapaces de dar unha imaxe aceptable da nosa vila".

A mala imaxe da vila puido comprobarse, por exemplo, no acceso dende o veciño concello de Cervo, onde as beirarrúas estaban sen rozar. Rouco tamén cita "o barrio dos Castros, sobre o que precisamente o Grupo Municipal lle recriminara ao goberno local no pleno da semana anterior ás festas que non se lembrara de adecentalo como se merece".



PASEO DO CANTIÑO. O Paseo do Cantiño xa está a punto. O Concello vén de acometer dúas actuacións nesta zona cun investimento total de máis de 30.000 euros para acondicionar o paseo e renovar elementos danados por actos vandálicos. Por outra banda, repúxose un dos castros que hai no merendeiro, que tiraron nun acto de vandalismo. Ademais, a actuación no Cantiño incluíu a reparación da zona de aparcadoiro, tamén deteriorada pola rodadura dos vehículos, habilitando dúas prazas para persoas con mobilidade reducida que antes non existían.

EN BREVE

ROTEIRO. A asociación Pasada das Cabras organiza unha nova ruta para o 9 de xullo. Este roteiro será de 8 quilómetros e percorrerá o monumento natural de las Foces de río Pino en Felechosa, Asturias. A saída será ás 7.30 horas da Estación de Autobuses e é necesario anotarse en Gráficas Arfe ou naos teléfonos 982 580 504 e 657 821 194 antes do 7.

REGUEIFA. A Sociedade Cultural Leticia vai realizar un obradoiro de iniciación á regueifa, aberto a toda persoa interesada, socia ou non da asociación e sen límite de idade. Será os días 11 e 12 de xullo e 27 e 28 de agosto nun horario aínda por determinar.

almayo
muebles

f @

RIBADEO
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6
Tel.: 636 761 883

BARREIROS
Pol. Ind. Cruz do Lobo
Nave 10
Tels.: 982 585 709
652 110 377

BURELA
C/ Curros Enríquez, 12
Tel.: 660 402 954

GRANDES REBAJAS
MUEBLES DE INTERIOR Y EXTERIOR

Burela en Ruta suma este verán máis visitas guiadas ás actividades

A Delegación de Turismo do Concello de Burela presentou a súa programación de visitas guiadas para o verán 2022, coa que se pretende dar a coñecer e poñer en valor os oficios tradicionais e artesanais ligados ao mar, o legado xeolóxico con fonda pegada na localidade e declarado de relevancia internacional, así como o patrimonio histórico-artístico, apostando por un turismo slow, sostible e de calidade.

Desde o Concello presentaron un completo programa de visitas co que se pretende asentar todo o traballo elaborado durante anos no eido turístico, implementando algunha novidade para este verán.

Ás visitas á igrexa da Vila do Medio, con interesantes frescos góticos do século XV, á nave de redeiras, ás xeorutas, ao Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen, e ás visitas á Aso-



ciación de Mariñeiros Xubilados e Afíns, que xa se viñan ofertando nestes últimos anos, sumaráselles a ruta do peixe, que se recuperará despois duns anos de paréntese por mor da pandemia, e a unha conserveira ar-

tesanal, permitindo ás persoas visitantes sumerxirse na cultura burelá mariñeira.

Desde o Concello de Burela promocionan unha serie de visitas para coñecer de preto os oficios tradicionais ligados ao mar e o funcionamento dun dos portos de referencia do Cantábrico, achegándose á memoria colectiva mariñeira a través da Moncloa, a Asociación de Mariñeiros Xubilados e Afíns, a nave da lonxa para asistir á poxa de pescado coa ruta do peixe, ao Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen, a nave de redeiras Cabo Burela así como as estancias dunha das conserveiras artesanais.

Ademais, non podían faltar as xeorutas, tres percorridos guiados polo patrimonio xeolóxico, que se completan con visitas guiadas a unha igrexa con frescos do século XV, a Igrexa da Vila do Medio.

O Concello rehabilitará 10 vías

O Goberno local informa, a través da súa delegación de Urbanismo, de que o luns comezarán as obras do proxecto de rehabilitación de firmes que se porá en marcha cun investimento de 355.757 euros para rehabilitar 10 vías do municipio, un total de 2,5 quilómetros lineais de estrada no casco urbano.

A necesidade de rehabilitación estrutural destes espazos fai que se reparen os firmes da calzada de varias rúas con asfaltado en quente para mellorar a súa seguridade e durabilidade, así como que se renove toda a sinalización horizontal e se proceda ao pintado.

As obras, financiadas con fondos municipais, permitirán rehabilitar

a rúa Rosalía de Castro, entre a rúa Lamestra e a Avenida da Mariña; a Avenida da Mariña no acceso ao cemiterio e entre a travesía dos Castros e a rúa Pardo Bazán; o cruce da travesía dos Castros, a rúa dos Castros e a rúa dos Colexios; a rúa Vilar entre Avenida Pomeda e a fonte pública; a rúa da Igrexa entre Avenida Arcadio Pardiñas, rúa do Cancelo e rúa Fontela; a travesía do Río; a rúa Vilastrofe; rúa Pascual Veiga; e rúa Amoreiras.

O edil de Urbanismo, Ramiro Fernández, confirmou que “iniciarán os traballos na zona do Vilar e en Vilastrofe por ser puntos onde non se vai xerar tanto problema co tráfico”, explicou en alusión aos cortes

de rúas para levar a cabo o asfaltado. Continuarase coa rúa Rosalía de Castro.

Esta actuación estrutural que conta cunha grande inversión por parte do executivo municipal pretende conservar as características funcionais das zonas, como a seguridade ou a comodidade na circulación, así como mellorar a protección do conxunto do firme cunha capa duns 5 centímetros de espesor, aumentando a durabilidade, impermeabilidade ou a unidade no aspecto, entre outros. Nesta liña, realizaranse as reposicións das tapas das arquetas que tiveran variado a súa cota respecto ao vial, e renovarase a sinalización horizontal das vías.

Cinquenta obras xa están inscritas no penúltimo certame Amarte 2022

A Delegación de Cultura do Concello de Burela anima a artistas mariñaos, da provincia de Lugo, de toda España e mesmo doutros países do mundo a participar na penúltima edición do certame de pintura Amarte que se celebrará a primeira semana de agosto deste ano 2022.

Por sexto ano consecutivo, o muro portuario continuará sendo un referente da arte mural cun espectáculo visual que se poderá seguir en directo, coincidindo coa Feira do Bonito de Burela. A tres semanas que remate o prazo de inscrición, que será o próximo 15 de xullo, xa hai entregados preto de 50 traballos, chegados tamén de varios países como Portugal, Italia, Francia, e por suposto España. “O espazo existente fai que tan só queden dúas edicións”, explicou o edil de Cultura, José Díaz, “polo que convidamos a todos os artistas gráficos especializados en muralismo a que participen para deixar a súa obra aquí”. Nesta liña subliñou que o tempo foi consolidando a carreira artística dalgúns dos autores que pintaron un mural neste certame, “como David Catá, nome recoñecido pola súa traxectoria, Diego As, co mellor graffiti do ano 2021, ou outras persoas moi boas que compiten na liga nacional de graffitis, así como artistas locais dun alto nivel que deixaron pegada coa súa obra, o que fai do noso muro portuario un auténtico museo de arte ao aire libre, un balcón ao Cantábrico inigualable e digno de visitar”.

Serán tan só 9 os traballos seleccionados nesta sexta edición, rematando no ano 2023 esta inicia-



tiva que tivo tan boa acollida entre veciños e visitantes. “Foi unha moi boa oportunidade para incentivar e motivar aos artistas gráficos, e tamén para crear un reclamo turístico e cultural durante a Feira do Bonito e tamén ao longo de todo o ano”, finalizou Díaz.

PRODUART. A nova edición da feira dos produtos artesanais e ecolóxicos Produart arrincará en Burela os días 5, 6 e 7 de agosto na nave de redes do peirao burelés con entrada gratuíta, de 17.30 a 22.00 horas e de 11.00 a 21.00 o sábado e o domingo.

Grazas á Fundación Expomar, os asistentes acodirán a obradoiros e conferencias así como terán acceso a actividades infantís.

Polo momento non está definido o programa para esta edición pero manterá unha liña parecida aos anteriores anos, unha disertación sobre o patrimonio da costa lucense, demostracións e obradoiros en directos.



VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

SI ERES EMPRESARIO O AUTÓNOMO,
CONTRATA NUESTRO SERVICIO DE
TARIFA PLANA EN ASESORAMIENTO
JURÍDICO CONTINUADO

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.
☎ 982 228 606

📧 veiguelabogados
📱 veiguela abogados

O PP di que “o alcalde é o causante do mal ambiente de traballo”

O Grupo Municipal Popular de Ribadeo esixe explicacións ao alcalde ante os problemas cos traballadores do Concello. “O goberno do BNG é o problema no Concello de Ribadeo: elimina dereitos dos traballadores, segue tendo casos abertos por denuncias nos xulgados, impulsa privatizacións encubertas, amortiza prazas na Relación de Postos de Traballo municipais. É o causante do mal ambiente de traballo dentro do Concello”, segundo apunta o voceiro, Daniel Vega.

“Uns vanse porque se xubilan e tampouco sabemos se se xubilan ao 100% porque parece que seguen traballando no Concello”. Ante esta situación, dende o Grupo Municipal Popular pregúntanse como se lles paga a estes traballadores”.

Tamén advirten os populares “do problema coas prazas acumuladas e

por que o goberno local non fai nada para solucionalo. Estamos a falar do posto de interventor e secretario que compartimos con outros Concellos e, polo tanto, Ribadeo só dispón deles a tempo parcial. E iso nótase no día a día do Concello. Parálizanse moitas xestións como é o caso do atraso no pago das facturas. Este Concello é o que máis tarde paga de toda A Mariña e o goberno local non da ningún tipo de explicación e seguen con normalidade absoluta. Eles cobran a súa asignación todos os meses e, polo tanto, non é un problema para os membros do goberno do BNG, pero moitas empresas e asociacións si que o notan”.

Vega explica que “algúns traballadores renuncian ao seu posto” e pregúntase a que se debe: “pode ser polas actitudes chulescas do goberno do BNG e o seu ego desmedido?”.

O Concello quiere actuar en nove escolas e dous teleclubes

O Concello vén de elaborar un proxecto para actuar en nove escolas e en dous teleclubes. Agora presentarán o proxecto á Deputación para conseguir un convenio de colaboración para sufragar unha parte moi importante destes 178.000 euros que, segundo o proxecto, vai custar modernizar e amañar a escola de Cousela, de Noceda, de Piñeira, de Piñeiro, de Remourelle, de Vilaosende, de Vilaselán, de Vilela, de Vilaframil e tamén os teleclubes de Vilamariz e de Vilaosende.

Nalgúns casos hai que mellorar as carpinterías de exteriores, noutros hai que pintar as fachadas, noutros hai que amañar por dentro e por fora, noutros hai que eliminar as goteiras, noutros temos que meter

mobiliario e nalgúns temos que meter todo isto.

PP. O PP denuncia que o alcalde Suárez “impediu investir 70.000 euros da Xunta en catro antigas escolas rurais, para firmar pola porta de atrás un convenio coa Deputación”.

O goberno de Ribadeo “prefire que o seu Concello perda investimento antes que recibilo da Xunta de Galicia”, di o voceiro popular, Daniel Vega. “O caso da mellora das antigas escolas rurais é un claro exemplo do sectarismo co que actúa o goberno local”. Vega explica que “os veciños non puideron arranxar as súas escolas. Tiveron que devolver máis de 70.000 euros á Xunta porque o Goberno do BNG prohibiu este investimento”.

Comezaron as obras do novo aparcadoiro no centro histórico

Deron comezo as obras de creación dun aparcadoiro no centro histórico da vila, entre a Rúa Nova e a Rúa do Pipelo creado cun investimento da Deputación de Lugo duns 44.000 euros.

O proxecto, que contará con financiamento da Área de Medio Rural da Deputación de Lugo, permitirá habilitar 70 prazas de aparcamento a carón do centro histórico, a escasos metros do Pazo do Ibáñez.

O casco vello, como todos os conxuntos históricos teñen problemas para lograr aparcamentos de vehículos e por iso queren buscar solucións para facilitar o aparcamento tanto á veciñanza coma os visitantes en xeral e reducir o tránsito de vehículos nas rúas do casco histórico.

Na execución das obras contémpala-



se a limpeza e afirmado das parcelas, que teñen unha lixeira pendente, coa retirada da terra vexetal. A parte da superficie acondicionada pavimentarase só con saburra (zahorra) para habilitar as prazas de aparcamento, en tres filas e corredores centrais.

O proxecto permitirá habilitar 70 prazas de aparcamento a carón do centro histórico e a escasos metros do Concello. Este novo servizo virá resolver situacións de incomodidade para moitos veciños residentes facilitándolles un espazo de aparcamento próximo ás súas vivendas.

Licitadas as obras no barrio da Pega e na rúa Río do Amalló

O Concello de Ribadeo sacou a licitación de novo as obras de mellora no barrio da Pega e na rúa Río do Amalló por un importe de 398.000 euros. As seis firmas que fixeron chegar as súas propostas hai uns meses víronse na obriga de renunciar debido ao encarecemento dos materiais e á situación de incerteza mundial que se viviu.

A edil ribadense explicou que “o Concello de Ribadeo publicou de novo a licitación das obras de mellora no barrio da Pega e na rúa Río do Amalló por un importe total de 398.000 euros. Esta nova licitación chega logo de que fai uns meses recibíramos un total de seis ofertas da primeira adxudicación pero que, debido á situación actual de incerteza e de subida de prezos, estas seis empresas se viran obrigadas a renunciar pola súa imposibilidade de executar estas obras”.



Mónica Freire dixo que “o Concello de Ribadeo é neste caso unha vítima máis destas circunstancias mundiais que orixinan a situación actual que estamos a vivir de incremento de prezos e que é un problema que non só afecta ás administracións senón tamén a calquera veciño e familia porque temos que pagar máis para facer o mesmo”.

Alumnos do IES Dionisio Gamallo investigaron sobre o Arquivo Histórico


Alumnos do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo participaron no proxecto TAEUS, coordinado pola Asociación Inglicia e que implicou a centos de alumnos de España no coñecemento dos fondos de cohesión da Unión Europea, a través de técnicas de recollida de datos, análise e diagnóstico de información, e animou aos grupos a levar a cabo un traballo de investigación, a creación de material audiovisual e a difusión dos resultados acadados.


No caso do centro ribadense escolleron o programa que desenvolve o Concello de Ribadeo para a recuperación do patrimonio documental ao longo da súa historia.


O traballo dos alumnos e alumnas de 1º de bacharelato tivo como obxectivo dar a coñecer este patrimonio documental e o seu resultado pódese ver nas redes sociais.

VEN A REPOSTAR
A  **Ortegal Oil**

ESTACIONES DE SERVICIO ABIERTAS 24H Y 100% SEGURAS
OFRECIENDO SIEMPRE LO MEJOR PARA NUESTROS CLIENTES

 www.ortegaloi.es

 [Ortegaloil](https://www.facebook.com/Ortegaloil)

 881 93 18 56

Escanea y visita
nuestras estaciones



A vila arranca o sábado 9 o VII Ribadeo Indiano

Arranca unha nova edición do Ribadeo Indiano, que se dedica á inmigración a ultramar, e que dará cozezo o venres 8 co pregón a cargo de Rosario Álvarez ás 19.15 horas e a actuación de Toxo Guayaba. Máis tarde será a baixada ao peirao de Porcillán na compañía do Cuarteto Tradicional Illa Pancha e a banda de música municipal de Ribadeo, que servirán de prelude para a animación teatral e as actuacións musicais da noite no Quiosco da música do Campo de San Francisco. Durante a mañá do sábado abrirase o Mercado de produtos de ultramar e haberá diferentes actividades como un torneo de petanca e outro de billarda, visitas á Casa Indiana de don Inocencio ou á Casa do Óptico, así como paseos culturais polo legado indiano, unha xincana ou visitas teatralizadas. A música será unha

peza fundamental nesta xornada que contará con recantos, co quinteto de acordeóns Lagunak, Son de Camagüey, Faíscas da Pontagra ou clases de bailes latinos. O domingo 10 volverá o Mercado da horta coa alborada de Buxos Verdes, seguido dun coloquio cinematográfico sobre a muller e a emigración, e espectáculos musicais como o da cantante mexicana Lila Downs e o xantar campestre no Círculo Habanero da Devesa. Este día tamén vovlerán as actividades como os paseos culturais, unha exhibición de vehículos clásicos e o esperado sorteo da viaxe a Cuba. Poderase reservar calquera das actividades programadas no teléfono 982 128 689 ou na Oficina de Turismo de Ribadeo xa que hai prazas limitadas. Para a xincana haberá que facelo por correo.

Os populares presentan un mapa sobre as festas

O Grupo Municipal Popular presenta o mapa das festas de Ribadeo. “Queremos promocionar todas as festas que temos no noso pobo, tanto na vila coma nas parroquias a través dun mapa informativo que concreta o lugar e o día da celebración”. O portavoz do Grupo Municipal Popular, Daniel Vega, explica que “é unha forma de dar a coñecer o que ofrece Ribadeo para todos os nosos veciños e, como pobo turístico, tamén para todos os visitantes”. Daniel Vega traslada o agradecemento de todo o “Grupo Municipal Popular a todos os colectivos e asociacións que están organizando as festas de forma desinteresada. Moitas veces non somos conscientes do traballo que realizan, das horas que dedican para



que nas nosas parroquias ou na nosa vila haxa festas”. O Grupo Municipal Popular quixo colaborar “naquilo que nos pediron”. Así, “traballamos para conseguir orzamento por parte da Xunta e axudar. O traballo conxunto sempre da os seus froitos”, asegura Vega.

A anpa A Faxarda organiza un campamento de verán

A ANPA A Faxarda está a organizar diferentes actividades de verán. As actividades levaranse a cabo de luns a venres no colexio Gregorio Sanz, agás aquelas excursións que sexan fora do colexio e das que serán informados con tempo. Os pequenos estarán divididos en tres grupos dependendo das idades. Estas actividades serán en horario de 9.00 a 14.00 horas e estarán divididas por temáticas semanais comúns entre os tres grupos excepto a velada. Para as veladas nocturnas serán a A aventura castrexa, o desembarque

pirata, Os mundo de Verne e Harry Potter na Torre dos Moreno. Os nenos do grupo 1 terán unha saída semana e os do grupo 3 terán dúas ao longo da semana e unha velada nocturna semanal, os xoves. Outra das saída que farán será ao aquapark de Cerceda. Para a velada nocturna será necesario saco de durmir, esterilla, etc. Os días que haxa saída os nenos deberán levar a súa comida preparada da casa, e no día que o grupo 3 teña a velada nocturna a cea e o almorzo dese día será proporcionado pola organización do campamento.

A festa do percebe de Rinlo será o 30 de xullo

A parroquia de Rinlo, en Ribadeo, acollerá o vindeiro sábado 30 de xullo, unha nova edición da Festa do Percebe, onde todos os asistentes poderán degustar este exquisito crustáceo das costas galegas, a prezos inmejorables. Desde primeiras horas da mañá os organizadores da festa, traballarán para elaborar os percebes na carpa que se instalará para a ocasión na lonxa. Esta XVII Festa do Percebe únese ao calendario festivo da Mariña e ás demais citas gastronómicas que acolle a comarca durante a tempada do verán.



BREVES

CONCERTO. O auditorio de Cabanela no Concello acollerá o 23 de xullo un concerto de TéCanela, un proxecto formado por Ariadna Rubio e Jano Fernández. Este espectáculo que será ás 21.30 horas poderíase definir como canción de autor combinando estilos como a rumba, o pop e o flamenco con doses de humor e a ironía máis afiada. O dúo materializou a súa traxectoria musical co seu primeiro traballo Las caras del hilo, que levaron adiante grazas a unha exitosa campaña de crowdfunding. Contan con influencias domo Rozalén, El Niño de la Hipoteca o Antílopez, as súas cancións contan con colaboracións de músicos como Tomasito.

EMMED. Desde o 1 de xullo, e ata as 14:00 horas do 15 de xullo, está aberto o prazo de solicitude de matrícula na EMMED no curso 2022/2023 para o novo alumnado. Farase de xeito telemático a través dun formulario que se atopará na páxina web da escola. No caso de que pechado este prazo haxa máis solicitudes que número de prazas dispoñibles, realizarase un sorteo para determinar as persoas que entran neste novo curso. As restantes formarán parte dunha lista de agarda.

MERCADO DOS DOMINGOS. Do 26 de xuño ao 9 de outubro terá lugar o XXI Mercado dos Domingos na contorna da praza de abastos. Unha cita que impulsa a alimentación de proximidade, a sostibilidade e o consumo local. Este domingo animará o mercado entornando ás 12.30 da mañá o cuarteto de música tradicional Xaramolo.

CENTRO DE MAIORES. Cumpríronse tres anos da apertura do centro de atención a persoas maiores. Os usuarios puideron compartir cos asistentes un aperitivo no xardín amenizado coa coa habanera Casañas Brancas.

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

**HONDA CMX500
REBEL SPECIAL EDITION**

Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

**Sueños
MATERNALES**

DESCUBRE TODAS LAS NOVEDADES PARA EL VERANO
Chalecos flotadores, manguitos, bañadores, sandalias, gorras, toallas...

VISITA NUESTRA WEB
www.suenosmaternales.com

Camiño Real 39 Lugo - 661 376 429

Viveiro aproba uns orzamentos para o 2022 de 13,4 millóns de euros

O Concello de Viveiro aprobou os Orzamentos Municipais para o exercicio 2022, grazas á abstención da concelleira do BNG, por un importe de 13,4 millóns de euros.

Segundo o edil de Facenda, Jesús Fernández, “son uns orzamentos con pouca marxe de manobra pola amortización da deuda” e engadiu que “seguen mantendo as políticas sociais, educativas e culturais ao tempo que se vai reducindo esta deuda”.

Fernández informou de que os investimentos reais ascenden a 300.000 euros e de que seguirán

as exencións das taxas das terrazas para os hostaleiros e as axudas a clubs e asociacións para a realización de eventos.

Pola súa banda, o PP de Viveiro di que os orzamentos municipais chegan “medio ano tarde, carecen de investimentos e non recollen nin un proxecto novo para o municipio”. O portavoz popular, Óscar Rodríguez, considera inxustificable a abstención do Bloque, “despois de asegurar que eran uns orzamentos irresponsables”, e lamenta que non figure nin un euro para saneamentos na zona rural.

O Concello demanda manter a actividade na fábrica de Albo

O Concello de Viveiro manifestou publicamente o seu apoio ás e aos traballadores de Conservas Albo, tras o anuncio por parte da empresa do peche da factoría de Celeiro.

O goberno municipal considera que esta “é unha triste noticia, que se suma aos peches empresarias que veñen sucedéndose nos últimos anos, deixando a Viveiro nunha mala situación industrial, o cal, unha vez máis, vén dado pola carencia de infraestruturas que comuniquen este termo municipal co resto do territorio galego e nacional”.

Despois de que a empresa anunciara ás traballadoras e traballadores o peche desta factoría, a alcaldesa María Loureiro mantivo unha xuntanza

con parte do persoal para escoitar de primeira man esta información e as súas inxerencias ao respecto.

Posteriormente, María Loureiro púxose en contacto coa dirección da empresa para manter unha reunión e coñecer a situación real e os motivos de dito peche.

Nesta xuntanza, que se celebrou por videoconferencia o pasado 3 de xuño, a empresa comunicou os motivos deste peche en Celeiro, que basean na concentración de toda a fabricación na factoría de Salvaterra, por cuestións de sustentabilidade e mobilidade.

Ademais, informaron do seu ofrecemento para trasladar a todo o persoal a Salvaterra de Miño.

A Deputación comprométese coas melloras en Aspanane

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinaron o convenio de colaboración para a pavimentación e drenaxe dos exteriores do Centro Ocupacional de Aspanane (Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Viveiro).

Grazas ás xestións do Concello de Viveiro acometerase esta actuación, que terá un custe de preto de 50.000 euros, dos que a Deputación achega 44.242 euros, correspondendo o resto ao concello.

“Deste xeito e grazas á Deputación, o Concello de Viveiro realizará nas naves do centro as obras necesarias para eliminar os problemas de filtracións existentes”, explica a alcaldesa de Viveiro.

O proxecto contempla o acondicionamento do recinto exterior pechado co que conta este centro, que estará destinado ao lecer dos usu-



rios e usuarios de Aspanane. As obras consistirán na ampliación da zona asfaltada, que permita a correcta circulación polo perímetro do edificio, e a creación dunha ampla zona verde para conseguir espazos agradables. Así mesmo, o proxecto inclúe a realización dunha drenaxe perimetral do edificio para evitar así as filtracións de auga no interior do inmo-

ble. O presidente da Deputación subliñou que con esta achega econó-

mica “a institución dá resposta a unha demanda da alcaldesa, quen mantén un compromiso absoluto con Aspanane polo gran traballo que realizan e o seu esforzo diario”. Unhas actuacións, explica o mandatario provincial, “que servirán para mellorar as infraestruturas desta entidade social, que desenvolve un labor primordial coas persoas con discapacidade intelectual da Mariña”.

Arranca o programa de promoción turística Descubre Viveiro

En marcha o programa Descubre Viveiro, unha iniciativa de promoción turística que ofrece información sobre paseos e rutas de sendeirismo, así como unha gran cantidade de material gráfico e audiovisual sobre distintos puntos de interese.

“É un proxecto moi ambicioso e adaptado ás novas tecnoloxías para dar a coñecer o noso concello, un lugar con todos os servizos necesarios para vivir todo ano nunha contorna natural privilexiada”, asegura a alcaldesa, María Loureiro.

A iniciativa busca dar a coñecer os espazos paisaxísticos, rutas, paseos e lugares máis destacados do municipio. Deste modo, ‘Descubre Viveiro’ ofrece nos seus perfís de Instagram, TikTok, Youtube e Wikiloc diferentes rutas e información sobre a vila. Ademais, difundirase o material desta campaña a través do Facebook de Viveiro Turismo.

De forma progresiva daranse a coñecer rutas e paseos virtuais, así



como vídeos de zonas urbanas e de espazos naturais. Ademais deste material, cada unha das rutas ou paseos contará con folletos, trípticos e tracks do percorrido, entre outra información.

Tanto os visitantes como a cidadanía poden obter información sobre os recursos turísticos de Viveiro a través destas plataformas e incluso visualizar previamente as rutas

propostas.

A campaña une baixo o selo “Descubre Viveiro” unha gran cantidade de información turística, especialmente a través de rutas e paseos, co valor engadido de poder consultar ao mesmo tempo folletos ou visualizar vídeos sobre o percorrido. As diferentes canles son Instagram, Wikiloc, Youtube, TikTok e Facebook.

RECUERDA QUE TIENES TAMBIÉN UNA CITA CON NUESTRO SOLARIUM

NUEVOS KITS DE PROTECCIÓN SOLAR

Foz
Cita Previa:
664 527 486

Dermoterapia
Centro de Estética

ROCKLANDS ACADEMY

CURSO 2022/2023
Foz y Lourenzá
Reservar tu plaza para el nuevo curso
...where English is fun!

Reserva ahora!
982 103 377
605 738 247
www.docklandsacademy.es

Segue a rehabilitación do Concello na rúa do Porto en Celeiro

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro García, e o 1º tenente de alcaldesa e concelleiro do Mar, Jesús Fernández Fernández, mantiveron unha reunión de traballo co Patrón Maior da Cofradía de Pescadores de Celeiro, Domingo Rey, e co Secretario da mesma, Máximo Díaz.

A xuntanza tiña como obxectivo avanzar no proxecto de rehabilitación da rúa do Porto en Celeiro. Por parte do Concello tamén estivo presente o arquitecto de obras municipais, Santiago Meitín.

Nesta reunión, o Concello de Viveiro mostroulles aos representantes do sector pesqueiro de Celeiro o anteprojecto elaborado para a humanización da rúa do Porto.

Esta necesaria obra xa estaba incluída no programa de goberno. Os traballos inclúen a reposición de servizos, como o abastecemento de auga, canalización da rede eléctrica ou a reposición da rede de saneamento, así como a mellora das beirarrúas.

A obra tamén inclúe a reestruturación das zonas de estacionamento ou dotación de mobiliario urbano, como bancos, xardineiras, vexetación ornamental, entre outras cuestións.



Trátase dun proxecto cun custe económico importante, que abarca unha zona moi ampla, que implica o tramo dende a Praza do Náufrago ata a Casa do Gardapeiraos.

O goberno local promove este proxecto coa intención de realizar unha rexeneración integral de toda a fronte marítima de Celeiro, para o que será imprescindible a colaboración doutras administracións, principalmente de Portos de Galicia.

FESTAS PATRNAIS EN CELEIRO. A parroquia viveirense de Celeiro acollerá a celebración das súas festas patronais en honra á Virxe do Carmen, Santiago Apóstolo e Santa Ana e que terán lugar do 22 ao 27 de xullo.

Durante estas xornadas veciños e visitantes poderán participar nos actos relixiosos, gozar de variadas actuacións musicais e deleitarse coa Festa dá Cervexa e a Empanada.

O venres 22 de xullo terá lugar a Festa dá Cervexa e a Empanada animada pola orquestra Charleston Big Band. O sábado 23 será a quenda de La Nave e disco móbil Blanco y Negro, o domingo 24 poderase desfrutar da orquestra Pontevedra e grupo Fénix, e o luns 25 de Alkar e disco móbil Delibelios e para o último día de festa, o martes 26, La Favorita porá a nota musical de peche.

O mércores 27 os máis pequenos serán os protagonistas, cunha tarde chea de xogos, sorpresas e diversión.

Nova edición do programa de visitas guiadas de Viveiro

O Concello de Viveiro anuncia o comezo do programa estival de visitas guiadas, que terá lugar ata o 18 de setembro.

As actividades terán carácter gratuito e se levarán a cabo todos os días da semana. Un dos seus alicientes será a ampla variedade da proposta, que vai desde visitas culturais a roteiros de sendeirismo, pasando por itinerarios panorámicos en múltiples lugares de interese do concello.

En concreto, haberá dous percorridos no Vivertren (Souto da Retorta os luns e a Área Etnográfica da Insua os domingos); dúas rutas de sendeirismo (Muíños de Balea os mércores; Monte San Roque os venres), e tres visitas polo casco histórico, nas que se propoñen distintas temáticas (o antigo recinto amurallado os martes, os barrios gremiais os xoves, e os séculos XIX e XX os sábados).

“Unha forma moi didáctica de coñecer a nosa historia e o noso patrimonio natural e cultural, polo que animo a veciños e turistas a inscribirse nas visitas”, asegura María Loureiro, alcaldesa. Pola súa parte, a concelleira de



Turismo, Marisol Rey, destaca “a variedade das propostas todos os días da semana, coas que as persoas interesadas poden coñecer todo o concello, desde o casco histórico a Celeiro e Covas”.

Para participar, é necesaria reserva previa no mail viveirovisitas@gmail.com. Todas as actividades comezarán ás 11:00 horas desde a estación de autobuses de Viveiro. Aforo limitado e Información adicional no 634 631 461 e a través do QR.

HR
Hijos de Ramón Rubal

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL
DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

O Concello colaborará cunha carpa para a Festa da Merluza

O Concello de Viveiro reuniuse co presidente da Asociación Cultural Deportiva Penalba, Juan Canoura, e cun representante de Porto de Celeiro, Eduardo Míguez, para buscar unha solución que permita que neste 2022 poida celebrarse a Festa da Merluza, tendo en conta que se están a executar obras no espazo no que se viña celebrando.

“Tras dous anos de pandemia, nos que non foi posible disfrutar desta celebración e ante a problemática existente, o Concello de Viveiro asume facerse cargo da carpa de grandes dimensións, nas inmediacións da piscina municipal, para solventar este problema e garantir o espazo necesario para a súa celebración”, explica a alcaldesa, María Loureiro.

“Estamos na obriga de facer todo o posible, xa que esta festa serve ademais como reactivación da economía local e do sector servizos”, apunta.

A Festa da Merluza do Pincho, que conta coa distinción de Festa de Interese Galego, é unha das festas gastronómicas máis importantes de toda a comarca e caracterízase pola implicación dos veciños e veciñas da parroquia, e incluso de todo o concello, colaborando coa Asociación Cultural e Deportiva Penalba, encargada da organización, para que todo sexa un éxito.

Tamén é fundamental o papel da Cofradía de Pescadores de Celeiro e mais do grupo empresarial Puerto de Celeiro, pola súa inestimable colaboración ao doar a merluza do pincho necesaria para a celebración da festa. “É unha alegría saber que o vindeiro 16 de xullo, en Celeiro, poderemos disfrutar novamente desta Festa e saborear este magnífico produto”, engade Loureiro.

O desembarco de Carlos V será no Mercado Renacentista



O Concello de Viveiro, a través da área de Cultura, xa está a traballar intensamente na representación do desembarco de Carlos V. Unha cita enmarcada no XIII Mercado Renacentista, que se celebrará do 7 ao 10 de xullo.

A representación do desembarco celebrarase o venres 8 de xullo, unha actividade na que o Concello de Viveiro quere contar coa colaboración da cidadanía. Por iso, animan aos veciños e veciñas a participar na representación, sumándose aos ensaios previos.

As persoas interesadas en formar

parte da representación poden apuntarse na Biblioteca Municipal de Viveiro, no teléfono 982 57 06 06, antes do sábado 25 de xuño. A organización contactará con estas persoas para explicar en que consiste o evento, así como os distintos ensaios previos.

“O desembarco diferencia o noso Mercado Renacentista doutras citas similares. Por iso queremos involucrar á veciñanza nesta parte tan sinalada do mercado, recuperando o esplendor da festa”, sinala a concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega.

Preparan unha ampla variedade de actividades para xullo

Convocan cursos deportivos para este mes de xullo. Para os adultos ofértase unha ampla variedade de actividades, mentres que a rapazada poderá gozar de cursos de iniciación á natación.

Dunha banda, os nados entre os anos 2013 e 2017 poderán inscribirse nun curso de iniciación á natación. As persoas interesadas poderán escoller entre o grupo de luns e mércores ou o grupo dos martes e xoves, a rapazada dividirse en quendas en

función da súa idade.

Doutra banda, o Concello oferta actividades para adultos. Concretamente, actividades de aquagym, intervalos, TRX, ciclo indoor e natación (niveis iniciación, medio e avanzado). Cada actividade ten o seu propio horario, con dous días á semana. As persoas interesadas nestes cursos poden obter máis información e reservar a súa praza na recepción da piscina municipal (no teléfono 982 570 610).

O PP insta a abrir de inmediato o acceso á praia de Sacido

O PP de Viveiro insta á alcaldesa Loureiro a adoptar as medidas precisas para abrir de inmediato o acceso á praia de Sacido. “Manter pechado durante varios anos o acceso á unha praia en área urbana e ao pé dun dos máis coñecidos hoteis de Galicia é un luxo que ningunha cidade se pode permitir e máis se é unha pequena cidade, como Viveiro, que precisa rendibilizar todos os recursos de que dispoñón”, di o voceiro popular, Óscar Rodríguez, “no marco da total ineficacia na xestión xa amplamente demostrada da alcaldesa e o seu equipo”.

“Que a praia de Sacido non ten acceso dende hai varios anos por causa da probada desidia do goberno municipal era algo máis que unha sospeita, pero dende xuño do 2020 xa non hai dúbida algunha porque a propia alcaldesa recoñeceu no pleno que tiña

gardado un proxecto, redactado por Costas; é un proxecto que, xa entón, estaba feito dende había máis de ano e medio”, engade Rodríguez.

Así mesmo poiden que se dote de beirarrúas o acceso á praia de Area, unha das máis coñecidas e visitadas da provincia de Lugo

OUTRAS DEMANDAS. Os populares fixeron tamén outras demandas. Así, instan a conseguir o desbroce e limpeza dos terreos que rodean o deteriorado Pazo de Malates.

Reclaman tamén a reparación das tapas de rexistro en rúas de Celeiro, que, por estar mal asentadas, provocan un molesto ruído ao pasar os coches.

Outras das peticións é a de máis limpeza das fontes públicas e un incremento das analíticas para coñecer o estado da auga.

A veciñanza de Campo de Verdes urxe o ensanche da vía

A veciñanza de Campo de Verdes levou a este Pleno, xunto coa concelleira Miriam Bermúdez, a urxencia de ensanchar o vial que vai cara as súas vivendas. “Estes veciños viven con preocupación, acumulando sustos, coñecedores de que o acceso ás súas vivendas impide o paso de camións de bombeiros e ambulancias medicalizadas, entre outros servizos públicos vitais e necesarios”, di Miriam Bermúdez.

A concelleira do BNG plantexaba xa en abril cando defendeu á veciñanza da Misericordia, si era posible a

modificación puntual das normas urbanísticas actuais para poder abrir novos pasos ou ensanchar os existentes. “A resposta que se lle deu por parte do goberno de María Loureiro, foi que non era posible unha modificación e que habería que agardar á aprobación do PXOM”, dixo.

Miriam Bermúdez, indica que “a realidade é que levamos agardando pola aprobación do PXOM 11 anos e o mes pasado coñecíamos outro novo atranco, xa que o informe sectorial da AXI veu denegado.



**HOMBRE
MUJER
NIÑOS**

Servicio a domicilio
Horario mañanas:
9:30 a 13:30
Tardes: 16:00 a 20:00
Tel.: 663 536 651
C/ Federico García
Lorca, 2 Foz



AISHA

PELUQUERIA
BARBERSHOP





Castillo
San Damián
Discosta Norte S.L.

*Bebamos
como galegos!*



Bebe con moderación.
Es tu responsabilidad 14,5°

Dompiñor, 12
27715 Ribadeo
982 128 900
www.discosta.com

A Deputación acondiciona a vía que une San Cosme con Insua

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, supervisou diferentes obras acometidas con fondos provinciais en Barreiros, un concello no que a institución leva investidos máis de 2M€ no que vai de mandato, entre o Plan Único, acordos de colaboración e acondicionamento de entradas, entre outras liñas de actuación.

En concreto, o mandatario provincial visitou varias estradas nas que se está a traballar. Por unha banda, supervisou a estrada de San Cosme ao Cruce da Insua, a antiga LU-P-0608, unha vía que é agora de titularidade municipal e que foi acondicionada recentemente grazas a unha achega da Deputación de 35.000€. Trátase dunha estrada importante para a veciñanza porque comunica o centro de San Cosme con diferentes puntos de interese, como o cuartel da Garda Civil, a igrexa, o punto



Visita do presidente da Deputación ao Concello de Barreiros

limpo ou a capela de Santo Estevo. Entre os traballos realizados, acometeuse a reapertura de cunetas, a reposición do firme con aglomerado e a sinalización no primeiro quilómetro da estrada. Por outra banda, o Presidente coñeceu o resultado das actuacións de

acondicionamento doutra estrada municipal que se fixeron con medios do Parque Móbil da Deputación, valoradas, segundo os prezos de mercado, en 150.000€. Trátase dunha vía que conecta coa antiga LU-P-0608, que descorre paralela á N-634 e baixa ata San Cosme.

Barreiros ofrece visitas guiadas para o verán

O Concello oferta este verán un programa de visitas guiadas en diferentes localizacións do municipio. A través dos mesmos quere-se mostrar a riqueza ambiental e cultural do territorio máis alá das súas recoñecidas praias a miúdo asociadas unicamente a un espazo de ocio e de innegable beleza paisaxística. Serán un total de dez visitas guiadas que terán lugar ao longo dos meses

de xullo e agosto. Todas as visitas son gratuítas. As persoas interesadas poden consultar toda a información e inscribirse na recentemente estreada páxina web de turismo municipal www.barreiros-turismo.gal (sección "Non te perdas"). Para resolver dúbidas poden contactar coa Oficina de Turismo municipal, teléfono 982 134 400. O Concello tamén estreou páxina web dirixida ao turismo.



COOPERATIVISMO. O colexio CEIP San Miguel de Reinante recibiu o dobre recoñecemento polos traballos Cooperativa 3D, do alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria, e Tecendo a cooperativa, de 5º e 6º de Primaria, ambos na modalidade de actividades artísticas. No primeiro caso deseñaron un logo en tres dimensións e no segundo servíronse de teas nas que bordaron palabras sobre os valores do cooperativismo.

Barreiros oferta para o verán actividades deportivas

O Concello de Barreiros volve ofertar para os meses de xullo e agosto diferentes actividades deportivas para mocidade e persoas adultas.

As actividades terán lugar no pavillón municipal de San Cosme e estarán impartidas por Lorena Díaz e Luis Lavado. Terán un prezo de 15 euros ó mes cada unha delas.

Dentro da oferta deportiva haberá ioga, zumba, ximnasia de mantemento e jumping fitness, tanto para mocidade como para xente adulta na que será, segundo Dani García, concelleiro de deportes, "o punto de saída cara a vindeira programación anual de actividades deportivas para todas as idades".

Xa está aberta a inscrición e será ata cubrir praza e realizárase nas oficinas municipais en horario de



9.30 a 15.00 horas. Toda a información así como a documentación para formalizar as inscricións estará dispoñible na web aescola.concellodebarreiros.gal.

Nova exposición

Inaugurouse en Barreiros no Centro Sociocultural a exposición *Amar a Mar, Mariñas, Marosas e Maruxaiñas*. Esta exposición promovida desde a Rede Museística Provincial pertencente á Vicepresidencia da Deputación de Lugo, xurdíu a raíz do 50 aniversario do Museo do Mar de San Cibrao e está percorrendo todos os concellos. A través da mesma trátase de visualizar o traballo das mulleres en diferentes actividades ao longo dos anos, desde unha ollada transversal e desde a perspectiva de xénero. A exposición poderá visitarse en horario de mañá ata o 17 de xullo.

GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo
982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L

NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS
SEGUROS GENERALES

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin
Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo
628 126 720 - info@valireylugo.com

ourol

O Concello informa á veciñanza dos servizos que prestan os carteiros rurais

O Concello de Oourol informa dos novos servizos que prestan os carteiros rurais de Galicia. Así os veciños de Oourol poderán a través dos carteiros e carteiros, realizar dende a súa casa o envío e recibo de paquetería e o pago de recibos e tributos.

Tamén poderán comprar embalaxes, sobres e selos, facer xestións de servizos de luz, gas e telefonía ou solicitar o envío de diñeiro en efectivo.

Os veciños do Concello tan só terán que pedir ao carteiro o servizo que lles interese completar ou a operación que desexen facer.

PRESENTACIÓN. O próximo día 7 de xullo ás 19.30 o edificio multiusos de Oourol acollerá a presentación da primeira novela de Javier Mariño, *Las jarras del trotamundos*.

Este libro foi escrito durante a pandemia e o autor falará do protagonista, Alberto, quen via-

xa por todo o mundo cumprindo o seu soño de coñecer todos os países que poida, á vez que tamén realiza unha viaxe persoal. É unha novela de misterio, de amor, de amizade e de superación, unha novela vitalista imprescindible para este verán. O acto é de entrada libre e gratuíta.

ITV agrícola

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará no Concello de Oourol o vindeiro 7 de xullo.

A estación itinerante estará na praza do Concello en horario de 9.00 horas a 13.30 horas.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com. A organización lembra que no se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

Xove volverá contar un ano máis co seu programa de verán

Xove volverá contar un ano máis co seu programa de verán para a veciñanza. Trátase de actividades deportivas e lúdicas en xeral.

As actividades que se van desenvolver son rutas de sendeirismo, cursos de padel, festa acuática, conciliación de verán ou un programa de actividades máis enfocado na xuventude entre outros.

As Rutas San Antonio da Rigueira, serán o luns 13 de xuño e o prazo para anotarse é ata o 10 de xuño, os programas Móvete mp verán e Móvete no verán con Sala 5, están adicados a nenos e rapaces dende 3 anos a maiores de 18. Inclúen xogos, full body, Pilates, etc, e para participar será necesaria a previa inscricións antes do 29 de xuño na OMIX.

O curso Pádel no verán desenvólvese do 4 de xullo ao 19 de agosto, a partires de 6 anos. As inscricións poden facerse ata o 29 de xuño na OMIX.

A festa acuática será na praia de Portocelo o domingo 31 de xullo a partir das 16.00 horas e contará con inchables acuáticos, xogos na auga, kayaks,...

Xove concilia verán, as actividades de entretemento para nenos de 4º de infantil ata 4º de primaria, será do 24 de xuño ata o 6 de setembro. Conta con prazas limitadas e a inscrición é ata o 21 de xuño na OMIX.

O programa Mañáns activas, adicado a rapaces de 10 a 16 anos durante os meses de xullo e agosto, desenvolverase con obradoiros de manualidades, xogos deportivos e actividades na natureza. As inscricións están abertas ata o 29 de xuño na OMIX.

XUVENTUDE. O programa Xuventude terá diferentes actividades dependendo dos días. Así o 9 de xullo será a Ruta dos Fornos da Pontenova para nenos a partir de 1º de ESO, os días 13, 14 e 15 de xullo serán o Campamento en Morás a partir de 6º de primaria, o 23 de xullo haberá Paintball a partir de 3º da ESO, o 6 de agosto haberá unha viaxe ao Aquapark de Cerceda a partir de 1º de ESO, e o 19 de agosto será a Operación Diamante en Xove para nenos a partir de 6 anos.

As inscricións para estas actividades

deberán realizarse na OMIX unha semana antes de cada actividade.

O programa Xuventude Roq Sport, que conta con prazas limitadas, será en horario de mañá, con saída da marquesiña do bus do Concello, e será unha viaxe ao Parque de aventura o 7 de xullo, Orientación o 21 de xullo, Sup e Big Sup o 4 de agosto e Paint ball infantil o 18 de agosto.

O programa Xuventude en a Balea Verde, terá prazas limitadas. E vai-se desenvolver os días 6, 11, 18, 27 e 29 de xullo, e 1, 8, 10, 12, 24 e 26 de agosto. Este programa inclúe sendeirismo, kayak, obradoiros de reciclaxe, snorkel, actividades acuáticas, praia, etc. As inscricións deberán facerse na OMIX ata 2 días antes de cada actividade. Estas actividades vanse realizar en horario de mañá, con saída da marquesiña do bus do Concello.

Os domingos a remollo na praia de Lago, será os días 3, 10, 17, 24 e 31 de xullo, e 7, 14 e 21 de agosto. Con saídas en kayak e padel surf, en horario de 16:00 a 19:30 horas. Haberá que inscribirse na praia media horas antes da actividade.

riotorto

O CEIP de Riotorto presenta o programa Pasaporte Solidario



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, coñeceu as iniciativas solidarias realizadas polo alumnado do CEIP Plurilingüe de Riotorto no marco do programa Pasaporte Solidario da Xunta de Galicia. Alí destacou a importancia desta iniciativa para trasladarlle aos máis novos valores e para realizar actividades que fomenten o seu espírito solidario.

No programa, que se enmarca dentro do Plan Proxecta+, participou todo o alumnado de primeiro a sexto de Primaria. As sete actividades

incluíron unha visita de membros do parque eólico experimental Sotavento, a recollida de produtos para Ucraína, a gravación de música en lingua de signos, unha carta aos nenos da Palma que quedaron sen colexio ou unha cadea conxunta de todas as súas boas accións polo Día da Paz. Os rapaces recollían cada unha destas actividades nunha folla do seu pasaporte solidario.

Cristina Pichel agradeceu aos nenos o seu esforzo solidario e o traballo de profesores e equipo directivo promovendo este tipo de actividades.

O Concello recupera este ano a súa Festa Celta e o San Cristovo

O Concello de Riotorto celebrará a súa tradicional Festa Celta o vindeiro 6 de agosto no lugar da Croa, recuperando unha das citas máis seguidas.

Esta celebración terá lugar a partir das 21.30 horas con diferentes actuación a cargo dos Gaiteiros de Riotorto, Rivendell Folk de Valladolid, Carapaus de Santiago de Compostela e Leirabuxo de Boimorto.

Ademais haberá servizo de comida a partir das 14.30 horas para os que queiran desfrutar da festa xa dende a mañá, así como, animación durante toda a tarde para que os asistentes disfruten.

Como todos os anos, o Concello agradecerá a colaboración veciñal para a súa realización. Gracias a está colaboración a festa será todo un éxito como todos os anos. Para máis información deberán achegarse as oficinas do Concello.



SAN CRISTOVO. Riotorto celebrará as festas de San Cristovo os días 8 e 9 de xullo cunha paella xigante o venres ás 21.30 horas de inicio de celebración amenizado polo grupo Beatriz a partir das 00.00 horas. Os que queira asistir deberán comprar o tiquet a un prezo de 15 euros nos locais da vila. O sábado, día grande, haberá



misa solemne ás 12.30 horas, seguida da procesión e da benedición dos vehículos antes da sesión vermú, que estará a cargo do grupo D'Canó, que será o encargado xunto con Capitol de amenizar pola noite a verbena. Xa o día 10 haberá misa solemne ás 13.00 horas cantada pola coral parroquial.

O Faro de Roncadoira conta cun novo radar

A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao presentou o novo radar do Faro de Roncadoira instalado para controlar o tráfico do porto de Alcoa e os fondeadores de San Román, na ría de Viveiro e dos Fallóns, fronte a San Cibrao.

As actuacións realizadas para a posta en marcha da estación de radar supuxeron un investimento total de máis de 355.000 euros, cofinanciados co Fondo de Compensación Interportuario.

O obxectivo deste radar é que desde o Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo na Coruña teñan a información sobre a ubicación exacta das embarcacións que naveguen baixo a responsabilidade da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao. Para iso, este servizo brinda imaxe real do tráfico nestas augas, o que facilita a coordinación e control do tráfico portuario marítimo que realiza Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) en nome das autoridades portuarias.

Para asegurar a axeitada transmisión de sinal do radar ata o Centro de Coordinación de Salvamento instalouse fibra óptica ata o Faro de Roncadoira. Ademais adecuouse a caseta que está a carón do

faro e converteuse en centro de procesamento de datos que alberga os equipos de comunicacións, servidores e cadros eléctricos, entre outros elementos.

Tamén se licitou o subministro e instalación dos equipos que conforman a estación radar (antena, radar, procesadores de radar, estación base AIS -Sistema de Identificación Automática-, estación meteorolóxica e cámara de alta resolución de vixilancia). Isto complementa ás emisoras do porto de San Cibrao que permiten comunicarse directamente cos buques vía VHF (alta frecuencia). Esta sinal transmítese ao integrador de comunicacións do Centro de Coordinación de Salvamento.

A maiores, en conxunto, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao dispón dun sistema de axuda á navegación marítima que se compón de nove faros automatizados, monitorizados e telecontrolados e 146 sinais situadas ao longo da costa que transcorre desde a ría de Ares ata a ría de Ribadeo. O Faro de Roncadoira está situado na parroquia de Portocelo, comezou a alumear en 1986 e supón un enlace entre os faros de San Cibrao e Estaca de Bares.

Adxudicadas as obras da nova senda peonil de Xove a Cervo



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de adxudicar as obras dunha nova senda peonil na estrada LU-862, á saída do núcleo de Xove cara a Cervo.

A actuación, adxudicada á empresa Construcciones Isidro Otero SL por un importe de máis de 48.000 euros, comezará nas vindeiras semanas. O novo itinerario desenvolverase entre os puntos kilométricos 96+220 e 96+450 pola marxe dereita da vía.

Darase continuidade ás beirarrúas existentes, que rematan no punto 96+220, mediante a execución dunha senda de formigón de 1,80

m de ancho.

Para iso, demolerase o pavimento existente para proceder logo á pavimentación das beiravías con 25 centímetros de saburra de canteira e formigón continuo con mallazo.

Tamén se prevé a canalización de tubo de drenaxe de 400 mm de diámetro e a execución de 8 pozos de rexistro con sumidoiro para a recollida de augas pluviais.

A Xunta continúa dotando as vías autonómicas de itinerarios seguros, sostibles e saudables para favorecer os desprazamentos a pé dos peóns, que son usuarios vulnerables das estradas



O 23 de xullo volverá celebrarse na vila a Festa do Percebe

Nova edición desta Festa do Percebe do Concello de Xove que terá lugar o sábado 23 de xullo na praza do Concello. Esta cita, que chega a súa novena edición, foi presentando nun evento cos membros da Asociación de Festexos A Medorra, comité organizador, e o alcalde, Demetrio Salgueiro.

Os asistentes ao evento poderán degustar este delicioso e apreciado crustáceo amenizado con música en directo. Sen dúbida, unha tradicional cita gastronómica na Mariña que fará as delicias dos xovenses e de todas as persoas que nos visiten por esas datas.

Chega unha nova edición do festival benéfico Martelazo Rock

A asociación Martelos Costa Norte organiza unha nova edición do Martelazo Rock que se celebrará o 24 de setembro no Concello de Xove.

Neste festival de carácter benéfico actuarán cinco bandas do panorama nacional como son Expropiation, Calle del Ruido, Hammer Cross, River Crow e To-Xo.

Expropiation son unha banda de punk rock asturiano; Calle del Ruido fusiona rock, metal e sintetizadores co el fin de crear un estilo personal e difícil de clasificar, son orixinarios de Pontevedra. Hammer Cross é de Mieres e leva en marcha desde o 2013 facendo punk-rock visceral.

River Crow é unha banda de Ciudad Real e posúen un son contundente e directo, con riffs que chegan cheos de forza. To-Xo son unha banda de hard rock da Coruña.



Este festival acollerá unha sesión de rock, agasallos para os participantes, rutas en moto, sorteos, e xogos. Ademais terán zona de acampada e foodtrucks para completar o xantar. Haberá prazas limitadas para o xantar polo que compre resevar entrada. A entrada para os concertos é totalmente de balde.

Convocado o VIII Concurso de Fotografía Medioambiental

O Concello de Xove, a través da Concellería de Cultura, ven de convocar o VIII Concurso de Fotografía Medioambiental Xove, a súa costa e o seu mar. A idea básica deste Concurso é a de potenciar a participación cidadá na protección do medioambiente.

Haberá unha única categoría e cinco agasallados con premios en metálico. Para o primeiro serán 120 euros, o segundo levará 100, o terceiro 90, o cuarto 75 e o quinto 65 euros.

A temática, tal como recolle o título, vai ser a costa e o mar de Xove. As imaxes deberán ser realizadas polos propios participantes, xa que en ningún caso se aceptarán imaxes copiadas ou realizadas por persoas distintas. Poderanse presentar un máximo de 3 fotografías, as cales deberán ser sacadas dentro do término municipal de Xove. As fotografías deberán presentarse en formato dixital, jpg, en alta calidade, sen comprensión, a unha resolución mínima de 2048 píxeles. A documentación a presentar para participar no concurso será a ficha de inscrición, a copia do NIF do concursante e un CD que conteña



as imaxes dixitais.

O sobre que conteña esta documentación deberá presentarse antes do 9 de setembro, e poderá presentarse tanto no Rexistro de Entrada do Documentos do Concello coma mediante envío por correo postal ordinario; neste último caso, deberá facer constar no sobre pola Oficina de Correos a data de presentación.

Para unha maior información sobre este concurso, poden chamar ao Concello e preguntar polo Técnico Municipal de Cultura. As Bases Reguladoras da Convocatoria e a Ficha de Inscrición-Autoría a poden atopar na Sede electrónica, ubicada na páxina web www.xove.es.

O Concello substitúe os ordenadores da aula de informática

O Concello de Xove vén de substituír os vellos ordenadores da aula de informática da Omix por novos equipos. "Este equipamento estaba bastante gastado e deteriorado, daí que o Concello decidira substituír os ordenadores por uns novos", din dende o equipo de goberno local.

Estes últimos días procedeuse á renovación completa e xa lucen os oito novos ordenadores de 22 pulgadas instalados, acompañado cada ordenador dunha serie de equipamentos como poden ser os discos, teclados e útiles. Esta aula ubicada nun local do Concello dispón dende hai bastantes anos dunha aula informática na cal se levan organizado multitude de cursos informáticos de todo tipo, tanto para xente nova como para adultos. Ademais úsase a diario para que os rapaces poidan realizar os seus traballos e tamén conectarse.

o valadouro

Cabaleiros e Concello asinan a cesión da pista de andadura



Asinouse o convenio entre o Concello do Valadouro e a Asociación Ecuestre Cabaleiros do Ouro para a cesión a esta da Pista de Andadura, situada na zona dotacional do concello a carón do Campo de Fútbol e que xa se aprobara en Pleno.

Ao acto de sinatura do mesmo asistiron o tenente alcalde Eduardo Chao, o concelleiro de Deportes Eliseo Teijeiro e o presidente da Asociación, Miguel González Martínez. "A posta en funcionamento desta infraestrutura construída hai dez anos e que por diversas

circunstancias caera en desuso nos últimos tempos, deste xeito, e coa colaboración de Cabaleiros do Ouro, colle valor outra vez e volverá a ser un referente no deporte ecuestre na Mariña e en Galicia" manifestou o concelleiro de deportes, o nacionalista Eliseo Teijeiro.

Esta pista de andadura que no seu día foi a primeira construída en Galicia volverá a recuperar o seu esplendor albergando múltiples eventos con actividades de ocio relacionadas co mundo ecuestre e o medio ambiente.

O Valadouro acollerá o 9 de xullo o Día da Bicicleta

O Valadouro acollerá o vindeiro sábado 9 de xullo o Día da Bicicleta, o cal celebrarán facendo unha ruta familiar sinxela de aproximadamente 14 quilómetros.

Esta actividade lúdico-familiar contará con avituallamento e sorteos de lotes de produtos entre todos os participantes.

Para participar será necesario inscri-

birse de balde nas oficinas da Casa da Cultura entre o 21 de xuño e o 2 de xullo de 10.00 horas a 14.00 horas e de 16.00 horas a 20.00 horas.

A retirada de camisetas poderase facer o mesmo día 9 de xullo a partir das 16.00 horas no local social do parque Concepción Arenal. A cita terá saída dende o parque ás 17.00 horas.

As instalacións deportivas adáptanse ao horario estival

As instalacións deportivas do Concello do Valadouro adáptanse ao horario estival. Así a piscina municipal abriu o día 1 de xullo as súas portas ata o 31 de agosto con entrada de balde e en horario de 12.00 a 20.00 horas cunhas instalacións remozadas e con dous vasos, un de xuvenil e adultos e outro de infantil.

Tamén o ximnasio municipal modificou os seus horarios de cara ó verán para poder disfrutar do bo tempo e abrindo as súas portas de luns a venres de 19.00 a 23.00 horas e os

martes e os venres de 10.00 a 13.00 horas.

Uns prezos económicos para poder disfrutar del por 10 euros ao mes individual, e 9 ao mes máis por cada familiar que forme parte do bono e se se decide ir por días soltos, o prezo será de 2 euros o día.

Para obter máis información para facerse socio hai que porse en contacto coas oficinas municipais no 982 574 000 de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres e para cuestións técnicas e de horarios hai que pasarse polo propio ximnasio.

Abriu a pista de pádel, que conta cun sistema de reservas dixital

Dende o 30 de xuño e durante todos os días da semana os veciños alfocegos poderase disfrutar da pista de pádel municipal en horario de 8.00 a 00.00 horas.

Así, dende o Concello abriron unha nova sección na web municipal na que se poderá reservar o uso da instalación deportiva que é totalmente gratuíta. Para realizar a reserva deberase ir á pestana da web pista de pádel e seguir as instrucións, despois recibírase un correo

electrónico cun código numérico para introducir na pechadura electrónica e poder acceder.

O Regulamento de uso da pista de pádel está publicado na Sede Electrónica do Concello e tamén pódese ver usando o código QR dos carteis informativos situados na entrada da pista.

Para máis información ou dúbidas haberá que chamar ao teléfono 982 558 001.

PISCINA. O Concello de Alfoz abriu a piscina municipal o día

1 de xullo trala tempada de inverno e a preparación das instalacións para a súa segura utilización. Esta abrirá durante os meses de xullo e agosto completos.

O horario será de luns a domingo de 12.00 a 20.00 horas e o uso da mesma é totalmente gratuito, sendo un servizo fundamental durante o verán contando con dous vasos, un deles infantil, e unha ampla zona verde de lecer, servizo de socorrista, etc.

O Concello prepara un ano máis un campamento de verán


O Concello de Alfoz vén de preparar un ano máis un campamento de verán para os máis pequenos e que se desenvolverá do 19 ao 21 de xullo. O período de inscrición abriuse o 4 de xullo e pechará o 11 deste mesmo mes.

A duración será desde as 17.00 horas do 19 de xullo ata as 19.00 horas do 21 e os participantes deberán asistir por conta propia ata o lugar de realización que será no CEIP Castro de Ouro para a entrada o primeiro día, así como no caso do remate.

O campamento inclúe os correspondentes almozos, xantares, merendas e ceas, así como durmir nos tipis as noites do 19 e 20 de xullo.

Utilizaranse as instalacións do pavillón municipal de Alfoz para o aseo, así como espazo para as comidas e, de ser necesario, tamén para algunha das actividades de lecer.

O lugar de realización será a zona axardinada do CEIP Castro de Ouro



de Alfoz situada ao lado do pavillón e fronte da piscina municipal.

As distintas actividades realizaranse en exterior tanto no espazo do CEIP coma noutros coma na Área Recreativa do Río Ouro no caso dos kaiaks e xogos de auga, a piscina municipal, a contorna do Castelo de Castrodouro, etc.

Cada participante deberá levar 1 ou 2 pares de zapatillas de de-

porte, 1 par de chanclas, roupa interior para cada día, 1 par de calcetíns para cada día, 1 sudadeira/xerse de abrigo, 1 impermeable, gorra para o sol, camisetas, pantalóns,...bañador, 1 toalla (piscina-kaiaks...) e 1 toalla ducha, pixama ou similar, mochila pequena para excursións, saco de durmir e esterilla, lanterna e cantimplora ou botella para auga, bolsa de lixo para a roupa sucia, útiles de aseo persoal: champú, xel, cepillo e pasta de dentes, peine, ... protector solar e repelente de mosquitos se o consideran necesario. Non se poderá levar videoconsolas, mp3, tablets, aparellos eléctricos e/ou obxectos de valor.

As inscricións entregaranse na Oficina de Rexistro do Concello presencialmente o por Sede Electrónica, quedando constancia da data e hora da mesma e da cal se entregará copia.

Alfoz celebrará unha das principais citas, a Festa dos Chóferes

Alfoz volverá celebrar unha das principais citas do seu verán, a Festa dos Chóferes, á que adoitán acudir centos de vehículos de todo tipo para recibir as bendicións dos párrocos.

Esta cita festiva terá lugar nesta localidade mariñá os vindeiros 29, 30 e 31 de xullo, malia que o programa de festas non está confirmado, noutras ocasións houbo un festival de música




vocal, unha festa adicada á xuventude, unha gran sardiñada, xogos populares para os nenos, e un triangular de fútbol.

O que si se sabe e que contará por suposto coa procesión dos coches polas parroquias do Concello para asistir á misa solemne, trala que o párroco bendicirá os automóviles desprazados. Os mellor engalanados recibirán premio.

O Concello de Alfoz realizará o izado oficial da súa nova bandeira o 22 de xullo

O Concello de Alfoz realizará o izado oficial da súa nova bandeira o día 22 de xullo, antes do Pleno da Corporación que se celebrará ese día ás 14.00 horas. O Goberno local considerou conveniente organizar correctamente o seu emblema municipal para perpetualo coa simboloxía adecuada e conforme ás normas da heráldica. E para iso, e de acordo con as facultades que lle confiren as disposicións legais vixentes, elevou o informe histórico-heráldico, coa correspondente proposta de representación gráfica da bandeira, para a súa aprobación definitiva. O encargado de elaborar os bocetos foi Eduardo Pardo de Guevara, presidente do instituto de estudos Padre Sarmiento, que cos diferentes elementos característicos do Concello e que



xa figuran no escudo municipal conseguiu plasmar a espírito do municipio. Este novo pendón conta cun fondo verde que simboliza o val, a torre en branco, sinal de identidade do Concello de Alfoz, e os símbolos do escudo de armas do mariscal Pardo de Cela en azul sobre un campo amarelo.

O Castelo de Castrodouro acolle de novo o Mercado Medieval

Despois do parón forzoso por mor da pandemia provocada pola covid, retómase a festa emblemática alfocega, o Mercado Medieval, que celebra o seu vixésimo segunda edición. Os actos comezarán o venres 15 de xullo ás 20.00 horas coa inauguración do XXII Mercado Medieval no exterior do Castelo de Castrodouro co pregón a cargo de Pedro Reimunde Figueira, xunto a representantes da Deputación e Concello de Alfoz. Pedro Reimunde Figueira, nado en Alfoz en 1981, é neurocirurxián en Lugo e médico cooperante, tamén profesor asociado de Patoloxía Círxica na Universidade da Coruña (UDC), fisioterapeuta, licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, traballou en países como Guatemala, Etiopía e Camerún. “Un gran profesional e excelente persoa, embaixador de Alfoz alá onde vaia. Por iso é unha honra contar coa súa presenza como Pregoeiro do XXII Mercado Medieval”, din desde a or-



ganización.

Durante a serán do venres 15 e todo o sábado 16 de xullo, poderase gozar de espectáculos de bufóns, música en vivo, circo, romanceros, garda medieval, entrega de medallas, acrobacias e espectáculos de lume, exposicións de armas de asedio e cirurxía antiga nas salas do castelo, taller de carpintería e taller de destilería, zona infantil con xogos e paseos dacabalo,

gastronomía, postos de artesanía e diversos produtos, etc. Da man de grandes artistas na contorna privilexiada do Castelo de Castrodouro. Un programa pensado para todos os gustos e idades para pasar unhas xornadas inesquecibles. O sábado 16 de xullo, ás 23.00 horas poñerase o broche final a esta edición co concerto do grupo folk Himnodium e coa Queima dá Fachada espectáculo onde se combinan de forma maxistral as técnicas de manipulación do lume e a maxia da pirotecnia fría para o deleite dos asistentes. Habrá danza, malabarismos, e manipulación pirófaga, que culminarán no momento máxico da queima da fachada do Castelo de Castrodouro. O XXII Mercado Medieval está organizado polo Concello de Alfoz en colaboración coa Deputación Provincial de Lugo que subvenciona a través do Plan Único na área de Turismo gran parte de leste.

A Deputación renovará un vial na parroquia de Sante

O Concello de Trabada informa dunhas obras para renovar un vial que percorre varios núcleos da parroquia de Sante, cun investimento de 177.853,56 euros e un prazo de execución de dous meses.

A actuación foi aprobada hoxe en xunta de goberno pola Deputación de Lugo, respondendo á demanda da alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez. “É unha obra moi importante, xa que falamos dun vial que da acceso a moitas vivendas e pasa por varios núcleos da parroquia de Sante; é ademais a principal conexión da parroquia hacia a N-640”, explica.

Este vial xa se pavimentou co parque móbil da Deputación no ano 2016, mediante rego asfáltico, e agora renovarase con aglomerado en quente. Ademais da importancia desta vía polo tráfico que ten, hai que ter en conta que a maquinaria agrícola e forestal cada vez é máis pesada, o que contribúe ao maior deterioro dos viais.

En concreto, os traballos de renovación do firme serán na LU-P-6104 que une Trabadela e A Ría de Abres (N-640). Un total de catro quilóme-



tros moi transitados polos veciños da zona.

A alcaldesa de Trabada agradece o compromiso e a colaboración da Deputación de Lugo “para a mellora continua das estradas provinciais e do conxunto dos servizos e infraestruturas públicas do noso concello”. Como exemplo, nos últimos anos a Deputación investiu 191.507,54 euros na reposición da ponte sobre o río Trabada na LU-P-6104; 136.076 euros na rehabilitación do firme da LU-P-5204 en Vidal; máis de 400.000 euros na pavimentación da LU-P-6103, de Trabada, por Fórnea, a Barreiros; renovouse tamén o pavimento da LU-P-5506, de Augaxosa a Trabada (636.094 euros).

O Concello rehabilitará a Casa Escola de Trabadela



O Concello de Trabada conseguiu unha subvención do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para rehabilitar a primeira planta da casa escola de Trabadela, un inmoble de titularidade municipal.

O orzamento das obras de reforma é de 28.819,43 euros e a subvención obtida polo concello é de 25.937,48 euros. Unha vez rematada a actuación, a vivenda destinarase a alugamento social.

“Grazas ao esforzo do grupo de goberno temos esta nova subvención, unha axuda moi importante porque o obxectivo é o alugamento social dunha vivenda municipal ubicada no rural, mellorando desta forma os servizos do núcleo de Tra-

badela”, afirma a alcaldesa.

O proxecto consiste na remodelación da vivenda para dotala de mellores condicións de habitabilidade, mediante o redimensionado da zona de día composta por salón-comedor-cociña e do baño, mentres que se manteñen os tres dormitorios existentes.

Grazas as reformas previstas, mellóranse as dimensións dos distintos espazos, dotándoos de maior funcionalidade e mellores condicións de accesibilidade. Tamén se melloran as condicións de habitabilidade da vivenda mediante a mellora do illamento das fachadas e a instalación dun sistema de calefacción.

Denegan unha axuda para mellorar a Casa Consistorial

O Concello de Trabada informa de que lle foi denegada unha subvención do Goberno autonómico para unhas obras destinadas a mellorar a atención aos veciños e a subsanar as humidades da casa consistorial.

O proxecto técnico do Concello destacaba a necesidade da reforma na casa consistorial de Trabada polas condicións das oficinas de atención ao público. A distribución de espazos non se corresponde cos servizos que actualmente se prestan nelas, polo que o que se pretende é mellorar a xestión diaria.

Ademais, detectáronse deficiencias nos paramentos interiores do edificio, principalmente derivadas do paso do tempo desde as últimas intervencións e ás condicións particulares da construción. Trátase de humidades no interior dos paramentos verticais exteriores.

A configuración do edificio, con dúas entradas enfrontadas que se deben conservar por condicións de accesibilidade, non permite a ampliación do espazo dispoñible para as oficinas xerais, polo que a solución adoptada era a redistribución e a renovación do mobiliario.

Aberto o prazo para a VII Feira de Artesanía

A asociación do barrio dos Muíños está a preparar a nova edición da Feira de Artesanía. Esta mostra será o sábado 30 de xullo e chega este ano a súa sétima edición e igual que noutras edicións as prazas son limitadas polo que a asociación reservase o dereito de elixir os artesáns que participaran este ano.

“Transformamos Os Muíños nun escaparate no que artesáns e agricultores mostran a veciños, turistas, peregrinos e visitantes, produtos saborosos de km0, xunto con obxectos únicos que combinan deseño e artesanía”, din dende a asociación.

Para participar será necesaria a inscrición previa antes do 15 de xullo.

A piscina oferta cursos de natación no verán

A piscina de Mondoñedo, situada na rúa Viñas da Veiga, oferta diferentes cursos de natación para este verán nos que os máis pequenos poderán disfrutar do medio acuático.

Así, haberá un cursillo de perfeccionamento e de iniciación que serán impartidos durante dous días á semana. Todos eles serán para socios da piscina. Para participar será necesario anotarse chamando ao teléfono 605 790 091. Por outra banda, a piscina municipal xa está aberta no seu horario de verán, de 12.00 a 20.00 horas, e permanecerá así ata o 15 de setembro.

Acouga e afectados por Sasdónigas esixen a paralización dos eólicos



A Asociación Galega de Consumidores e Usuarios, Acouga, e afectados polos parques eólicos de Sasdónigas, no municipio lucense de Mondoñedo, presentaron dous escritos dirixidos á Xunta e ao Concello mindoniense para esixirlles a paralización, no prazo de 15 días, de todos os muíños que operan nas instalacións da empresa Norvento anuladas pola xustiza.

O coordinador de afectados por parques eólicos de Acouga e representante dunha parte dos afectados polo de Sasdónigas, Manuel Germade, salienta que “aínda que as sucesivas sentenzas que anulan as licencias de actividade do parque de Norvento son firmes desde hai máis de tres meses, toda vez que a propia empresa desistiu de calquera procedemento, o parque “segue funcionando a plena actividade, como se

nada pasara”.

Nos escritos, explica Germade, “instamos a que a Xunta e o Concello tomen as medidas necesarias para parar a actividade, porque é a súa obriga paralizar negocios sen licenza de actividade”.

“Se non o fan no prazo de 15 días -advertiu- tomaremos medidas legais contra quen corresponda da administración e da empresa, que mesmo poden ter consecuencias penais”.

Os asinantes dos escritos porán tamén os feitos en coñecemento de Redesa e do Ministerio para a Transición Ecolóxica “para que estea informado e sexa vixiante do proceso”. Germade lembra o dano xa provocado polos muíños, a subestación eléctrica e as vías de evacuación do parque sobre o Camiño de Santiago, un xacemento romano e unha turbeira.

Fins de semana en xullo coa terceira edición do Merlín Fest

Mondoñedo acollerá a terceira edición do Merlín Fest que volve contar cunha programación cultural e de lecer para todos os gustos.

Esta cita arrincará este sábado 9 ás 23.00 horas con Dani Royo e a súa banda: Tributo a Antonio Flores na praza do Concello, e continuará o sábado 16 ás 23.00 horas con Toxo Guayaba na praza de San Xoán.

O seguinte sábado poderase disfrutar, tamén ás 23.00 horas, de Fransy, Davide e Cibrán na praza da Catedral. E o domingo 24 na praza Muíños de Arriba será a actuación do Dúo Zafiro ás 14.00 horas e pola noite, ás 22.30 horas, será a quenda de Alex Barreira & Belén Ramos. Para rematar xullo, Miss Lane anda The Kryptonias deleitarán ao públi-



co no cruce das rúas Bispo Sarmiento e A. Baamonde ás 23.00 horas. Durante o mes de agosto, ao Merlín Fest volverán Alex Barreira & Belén Ramos o venres 5 á Fonte Vella e Tina & Joe á praza do Concello, ambos ás 23.00 horas

Os socialistas advirten da demoras obras da praza da Catedral

Os socialistas preguntaron pola situación se atopan as obras da praza da Catedral despois das últimas incidencias no proxecto. Unhas obras que comezaron en decembro do 2021, e que seguen se rematar.

“A praza da Catedral é o punto neuráxico das celebracións do noso concello, é incompreensible que que dende máis dun ano que comezou este proxecto coa presentación da memoria no mes de xuño do 2021, a día de hoxe, segue atopándose con inconvenientes, e un ano despois aínda non estea rematado, e ademais leve xa 6 modificacións”, advirten os socialistas.

Hai que lembrar que o Concello de Mondoñedo presentou diante do Consello Territorial de Patrimonio

Cultural de Lugo o 6 modificado deste proxecto, diante da comisión que celebra este consello no mes de maio do 2022. Este proceso comezou o pasado xuño de 2021, cando o Concello de Mondoñedo envía o informe das obras de acondicionamento da Praza da Catedral. Un proxecto modificado, redactado e reaxustado pola arquitecta Gloria Trigo contratado polo Concello para tal fin.

Tal e como consta na memoria deste proxecto esta obra incluía a “dismontaxe das pezas de escaleira de acceso a soportais co fin de poder executar a nova rampla. Conservaranse as pezas retiradas co fin de usalas nos traballos de reparación do canal de desaugadoiro”.

Rematan as melloras en varios núcleos dos Remedios

O goberno municipal de Mondoñedo ten moi avanzada a obra de pavimentación con aglomerado en quente da pista que une o campo da Feira con Angüin. O alcalde, Manuel Otero, e o concelleiro responsable de obras, José Otero, visitaron a zona en obras para comprobar o seu avance e o resultado.

Esta pista, no seu arranque no campo da feira, convértese nunha rúa con beirarrúas (en total, oito metros). Nesta parte, inclúe alumeado público e saneamento.

Esta vía de comunicación ten continuidade dende Angüin ao Mirador.

Neste tramo é un camiño, que agora se ve mellorado no pavimento, a base de zorra, e pola limpeza que se fixo en todo este tramo.

O custo total, entre a adquisición dos terreos e as obras, será de aproximadamente 100.000 euros. A execución desta intervención é posible grazas a que está aprobado o PXOM (2016); repercutirá positivamente nos veciños de Carroceira e Curuxeiras, que usan a citada vía como acceso aos seus barrios dende Campo dos Paxariños. Ademais de gañar en comodidade, a reforma suporá máis seguridade vial.

a pontenova

EN BREVE

DOAZÓN. A unidade móbil de doazón de sangue estará o vindeiro 8 de xullo na Pontenova para recoller as doazóns dos veciños e veciñas que así o desexen, sempre que sexan maiores de 18 anos e con máis de 50 quilos de peso. Así, estará situada na praza dos Fornos en horario de 16.00 a 21.00 horas. Aquelas persoas interesadas en realizar unha doazón deben solicitar cita chamando ao número gratuito 900 100 828.

PISCINA. O Concello abriu a piscina municipal o 1 de xullo ás 15.00 horas. As instalacións manteranse abertas de luns a domingo de 13.00 a 21.00 horas. Esta piscina e as instalacións deportivas que se atopan ao seu arredor están a tan só cinco minutos camiñando desde A Estación. Conta con dúas canchas de tenis, unha pista polideportiva descuberta, dous pavillóns polideportivos cubertos e un frontón cuberto.

A Escola Municipal de Música abre ata o 15 o prazo de matrícula

A Escola de Música da Pontenova abriu o 27 de xuño o prazo de matrícula para as novas inscricións. Este prazo rematará o día 15 de xullo.

O horario para formalizar dita matrícula será polas mañás, e as materias son linguaxe musical, armonía e conxunto instrumental, acordeón, gaita, percusión, guitarra, baixo, piano, canto coral e canto pop e rock.

Outros anos o prezo por materia era de 20 euros e ademais contaban con reducións no caso de matricularse en máis dunha materia ou máis dun membro da familia.

Para máis información e a con-



sulta oficial dos prezos será necesario chamar ao teléfono 650 348 123.

MindoMúsica leva a súa arte da Catedral ata as parroquias

Mondoñedo volveu acoller este ano o Festival MindoMúsica, que se arrancou o 3 de xullo e que se prolongará ata o 10 deste mes en distintos emprazamentos do Concello, desde a Catedral ata as parroquias do rural, achegando a música a todos os públicos con concertos en pequeno formato, actividades divulgativas e espectáculos interdisciplinarios.

A coordinadora do festival e violinista Rebeca Maseda explicou que unhas das novidades e apostas desta cuarta edición é “a incorporación ao festival doutras artes, con espectáculos nos que a música dialogará con outras disciplinas como a danza, a performance ou a videocreación”, afondando no obxectivo do festival de propoñer unha oferta cultural de calidade no rural.

O programa arrancou o domingo 3 de xullo co Parroquias Tour, con concertos da formación EnClave Poético -César Morán á guitarra e Rebeca Maseda ao violín- en varias parroquias do municipio ao longo do día. Trátase de concertos de pequeno formato, a xeito de encontros coa veciñanza, nos que os músicos interpretaron e explicaron o repertorio, con poemas de autores e autoras galegas musicados por César Morán.

Esa mesma filosofía inspira os concertos que se celebraron o luns 4 na Residencia e Centro de Día de Mondoñedo e no Centro Asistencial San Paulo e San Lázaro, nos que “a música ao vivo vai ao encontro das persoas”.

O mércores 6 organizase un taller divulgativo sobre instrumentos e música antiga para alumnado e



Á esquerda, Rebeca Maseda, organizadora do evento, na presentación

Anpa da Escola Municipal de Música O Pallarego, (20.00 horas), a cargo da formación El Afecto Ilustrado.

O xoves 7 na Casa dos Coengos, no complexo catedralicio, desenvolverase unha palestra sobre os arquivos musicais catedralicios no que participarán destacados musicólogos e historiadores, como Miguel Ángel Marín, Carlos Villanueva, profesor da USC e responsable da catalogación do arquivo musical da Catedral mindoniense, Montserrat Capelán, profesora do departamento de Historia da Música da USC que está a preparar un doutoramento sobre arquivos de música en Caracas (Venezuela) e Gonzalo Francisco Fernández Suárez, decano da Facultade de Humanidades e Lugo e grande coñecedor do arquivo histórico de Mondoñedo.

De venres a domingo, celebranse os concertos de maior formato, espectáculos interdisciplinarios nos que confluirán diferentes manifestacións artísticas. O venres 8 actuará o grupo de cámara El

Afecto Ilustrado, integrado por profesionais que despuntan no panorama estatal e internacional e especializado na interpretación historicamente informada do repertorio comprendido entre os séculos XVII e XIX, dunha forma próxima e tanxible. (Catedral de Mondoñedo, 20.30 horas).

O sábado 9 será a quenda para o espectáculo Clorindae, no que compartirán escenario as pianistas Rosalía Gómez Lasheras e Sinforosa Petralia e a bailarina Patrizia Lo Sciuto. (Auditorio Municipal Pascual Veiga, 20.30 horas) A proposta, que ven de estrearse nas Xornadas de Música Contemporánea de Compostela, inspírase nunha personaxe do poema épico de Torquato Tasso, símbolo da resiliencia feminina. A súa referencia serve ás autora para retratar, a través da música e da expresión corporal, a loita das mulleres na sociedade actual.

O Festival Mindomúsica pecharase o domingo 10 coa actuación do quinteto de vento Zoar Ensemble, co concerto *Paisaxes de Iberia*

“Este ano será un festival artístico multidisciplinar”

Rebeca Maseda, coordinadora de MindoMúsica

Que novidades habrá este ano?

Pois este ano conteremos cun festival moito máis amplo, é dicir, será un festival de arte no que a música ocupa un lugar central e no que se tamén se programan outro tipo de disciplinas artísticas que teñen permanente diálogo entre elas. De feito mostra o carácter híbrido que ten agora mesmo a cultura. Por exemplo, o espectáculo do sábado 9 é unha performance de música e danza a cargo de Clorindae, e nel as propias pianistas non só tocan o piano senón que van máis alá e será o propio instrumento o que forme parte do discurso.

Serán os mesmos escenarios?

Pois este ano engadimos dos lugares novos aos que eu sempre quixen levar a música, e son a Residencia Centro de Día San Rafael e o Centro Asistencial de San Paulo e San Lázaro. Espere-mos que lles guste porque son un público moi novidoso para nós.

Tamén habrá tempo para as charlas, non?

Pois si. O xoves 7 será o espazo de reflexión, O Universo dos Ar-

quivos, un faladoiro que contará con personalidades como Miguel Ángel Marín, responsable da área de música da Fundación Juan March de Madrid; Carlos Villanueva, catedrático da USC e musicólogo; Montserrat Capelán musicóloga na USC; e para dar outro enfoque estará Francisco Fernández Suárez, decano da facultade de Humanidade da USC o cal coñece de primeira man o arquivo municipal de Mondoñedo. Pero todo elo falado nun ton moi amable pois non está pensado para público académico.

E para os pequenos?

Para o alumnado da Escola de Música O Pallarego temos pensado un taller divulgativo sobre música e imaxe, e contaremos coa ribadense Carme Rodríguez que está especializada en música de cine, e falará do mundo musical na industrial audiovisual.

Todas estas actuacións serán gratuítas?

Todo o MindoMúsica é de balde ata completar o aforo e non fará falta ningún tipo de reservar.

no que interpretarán adaptacións para vento do *Don Quixote* de Xesús Bal y Gay e da suite Iberia de Isaac Albéniz. (Auditorio Municipal Pascual Veiga, 12.30 horas). O concerto incorporará, mediante medios audiovisuais, imaxes sobre os lugares que evocan as músicas. A vicepresidenta da Deputa-

ción de Lugo, Maite Ferreiro, que acompañou a presentación do Festival, felicitou á organización do Festival e sinalou a singularidade do evento que “achega a música a todo tipo de públicos, levando a entornos rurais propostas culturais máis habituais de entornos urbanos”.

As festas na honra de San Cristovo serán o 8 e 9 de xullo

Mondoñedo acollerá os días 8 e 9 de xullo as grandes festas na honra de San Cristovo e que contará con música e animación para todos os asistentes.

A xornada festiva dará comezo o venres 8 de xullo coa música do dúo Épo-K e dunha discoteca móbil. Xa o sábado 9 habrá unha procesión de vehículos polas rúas de Mondoñedo e a bendición dos mesmos, todo elo a partir das 11.30 horas.

Ás 13.00 horas será o oficio relixioso, seguido da procesión e a sesión vermú a cargo de D’Nika Music e unha discoteca móbil Onda Norte.



Dende a organización informan de que contarán cun espazo para merendas para que os asistentes poidan levar os seus propios xantares.

Café Quijano aterra co seu Manhattan Tour

Tras 20 anos de carreira Café Quijano preséntanos un novo mellor traballo, *Manhattan Tour 2022*, un ritual artístico atemporal, imperecedeiro no que farán sentir, bailar e celebrar. Estarán na praza do Seminario de Mondoñedo o 17 de setembro ás 21.00 horas.

As súas letras son exóticas historias de trotamundos románticos e terreaís. A súa música, calidade de categoría internacional que brindou, nos Grammy Latinos, con Santana e que ha ‘tuteado’ a Black Eye Peas, a Celine Dion ou ao gran Armando

Manzanero.

Xiras internacionais, Grammy Latinos e Norteamericanos, millóns de discos vendidos, 23 anos de carreira... Son e seguen sendo Café Quijano e acaban de lanzar o mellor disco da súa carreira. Chámase *Manhattan* e si: tamén é un dos discos de pop latino máis completos das últimas décadas. Imos contar por que, aínda que o mellor é que o descorches, tanto nunha festa ‘mojito en man’, como illandoche cos teus auriculares máis ‘inmersivos’. Porque se dúas grandes cousas ten

CAFÉ QUIJANO
MANHATTAN TOUR 2022



17 SETEMBRO 2022
MONDOÑEDO (LUGO)
PRAZA DO SEMINARIO, 21.00H

este disco son profundidade e horizontes. A primeira, para mergullar na calidade das súas ‘historias cantadas’ e a segunda, para gozar nada máis, pero tampouco nada menos- do mellor que nos dá a vida.

o vicedo

A natureza e a Romaxe Viuinga volven dominar as actividades de xullo

O Concello do Vicedo vén de publicar a programación sociocultural prevista para este mes de xullo na que volven os Mércores de natureza, as rutas de sendeirismo e os kaiaks.

Concretamente o 13 de xullo, ás 11.00 horas será a subida do río Sor en kaiaks con saída en furgonetas dende o Porto do Vicedo ata Ribeiras do Sor onde se embarca nos kaiaks para baixar ata o Vicedo. Ten un prezo de 17 euros e unha duración de 2 horas.

O domingo 17 de xullo será a Festa de Turismo Rural que estará ubicada no parque eólico Riobarba. Esta cita que comezará ás 12.30 horas coa misa na honra de San Vicente de Francos e seguirá cunha degustación de produtos típicos. Xa pola tarde haberá un campionato ecuestre e baile. Xa o 20 de xullo ás 22.30 horas será a ruta de sendeirismo nocturna ata o miradoiro de Tixoso, un roteiro duns 7 quilómetros. Ao rematar haberá chocolate e cervexa na Bodega do Porto por un prezo de 2 euros por persoa.

O mércores 27 de xullo ás 10.00 horas haberá unha Xeoruta polo litoral no que se poderá coñecer as rochas cun pasado de máis de 470 millóns de anos. O punto de encontro será o aparcadoiro da praia de Area Grande en San Román ás 10.00 horas. Esta é unha actividade gratuíta.

Dende o 1 de xullo de 2022 e ata o 31 de agosto de 2022 será necesaria a reserva de praza para acceder ao Fuciño do Porco en horario de 9.00

horas a 21.00 horas. Para iso xa está activada a páxina web www.puntafucinodoporco.gal, onde haberá que entrar para reservar a correspondente praza, indicando día e hora de reserva, así como o número de persoas que forman o grupo.

ROMAXE. Por último, a fin de semana do 29 e 20 de xullo será a celebración da V Romaxe Viuinga e entre as novidades da programación haberá uns títeres viuingos a cargo de Marionetas Trécola e trátase da Saga de Flinn Havard. Ademais do desembarco, desfiles, música folk, espectáculos de lume, xustas, boda vikinga, etc.

O venres 29 a partir das 20.30 horas será o pregón, os pasarrúas con combates, a ruta dos pinchos e os cantos de taberna co grupo Os do 21. Para a xornada do sábado 30 poderase desfrutar do desembarco viuingo, obradoiros infantís e adultos, demostracións de combates, un mercado de artesanía e espectáculos nocturnos.

PAI. Por outra banda, Xa está aberto o prazo de inscrición no Punto de Atención á Infancia do Vicedo para reservar para o vindeiro curso 2022/2023. Este período de inscrición estará aberto ata o 15 de xullo e o trámite deberá realizarse nas oficinas dos Servizos Sociais do Concello. O Punto de Atención á Infancia está situado no Centro Multiusos do Vicedo e conta con 18 prazas.

vegadeo

O Concello de Vegadeo terá un campamento de verán este mes

O Concello de Vegadeo prepara para o mes de xullo un campamento de verán para os pequenos da casa e que teñan idades comprendidas entre 3 a 12 anos.

O horario das actividades será de 9.30 a 14.30 horas e estará dividida en quendas semanais, a semana 1 do 4 ao 8 de xullo, a semana 2 do 11 ao 15, a semana 3 do 18 ao 22 de xullo e a semana 4 do 25 ao 29 de xullo. Para participar é necesaria a previa inscrición nas oficinas do Concello de Vegadeo entre o 20 e o 24 de xuño ou na páxi-



na web do Concello e para máis información será necesario chamar ao teléfono 985 634 022.

O Concello renova a cuberta do local social de Riocobo

O Concello de Cervo está a renovar a cuberta do local social de Riocobo. O proxecto contempla a substitución da cuberta existente do Club Social de Riocobo, así como a colocación dun canelón perimetral e as baixantes necesarias para a correcta evacuación e funcionamento do mesmo.

O orzamento desta execución elévase ata os 48.350 euros, que estarán financiados na súa totalidade polo remanente das arcas municipais, “froito da xestión rigurosa que se está a facer das contas públicas”, dixo o alcalde, Alfonso Villares.

O rexedor salientou que “coa renovación da cuberta desta instalación estamos a acondicionar un local, cedido pola asociación de veciños



de Riocobo, que ten como fin promover o establecemento de futuras iniciativas emprendedoras”. Esta actuación -engadiu- vai en consonancia coa liña do noso equipo de goberno de rehabilitar espazos para promover que

os emprendedores locais “podan materializar as súas iniciativas a un custo reducido, como xa fixemos satisfactoriamente cos negocios establecidos nestes últimos anos no Conxunto Histórico e Artístico de Sargadelos”.

EN BREVE

VOLUNTARIADO MIÚDO. Volve unha nova edición do Voluntariado miúdo de Cervo, un proxecto de acción dirixido a rapaces de entre 12 e 15 anos de idade. Haberá prazas limitadas polo que compre anotarse ou solicitar información na casa da cultura ou chamando ao teléfono 691 65 66 00. O obxectivo xeral do proxecto de voluntariado é poñer en práctica a implicación solidaria e o compromiso activo da comunidade moza coa sociedade a través do desenvolvemento cultural e social.

MULLERES. A asociación Mulleres de San Ciprián retoma a súa actividade cunha viaxe de confraternidade á localidade de Cerdeira, en Portugal. Esta entidade tamén leva a cabo unha serie de actividades enfocadas a dinamización das socias, axudándolles a mellorar destrezas persoais ou facilitando momentos de esparcemento. Para elo lévanse a cabo cursos, charlas ou actividades culturais e recreativas.

PISCINA. O Concello de Cervo abriu o 1 de xullo, a piscina de Río Cobo, tralos traballos de mantemento e acondicionamento que se levaron a cabo. Coa apertura da piscina, o Concello de Cervo incrementa a súa oferta de ocio de cara a unha tempada estival. A instalación permanecerá aberta de luns a domingo, en horario de 15.00 a 20.00 horas. Os traballos de acondicionamento da piscina veñen sumarse aos que recentemente se executaron no local social de Río Cobo.

Os socialistas critican ao alcalde pola falta dos orzamentos

O Grupo Municipal Socialista criticou a “nula capacidade de gobernar do alcalde e todo o seu goberno, trala celebración da sesión plenaria na que novamente se incluíron modificacións os orzamentos prorrogados do ano pasado, que son os que actualmente están en vigor”.

O voceiro, Francisco Mon dixo que “a pesar de que o equipo de goberno do PP ten maioría absoluta, así como diversos cargos de confianza en nómina, é absolutamente incapaz de elaborar un orzamento para o ano 2022. E isto só se pode deber a absoluta incompetencia da propia Alcaldía, xa que esta máis preocupado de promoverse politicamente que en xestionar os intereses do Concello e da súa veciñanza”.

Mon advertiu que o alcalde “esta

máis ocupado en saír na foto para gañar protagonismo electoral, que en resolver os problemas dos veciños e das veciñas de Cervo”. E proseguíu coas súas críticas “non se entende como uns orzamentos onde o 80 % dos gastos xa están comprometidos, cun plan de ingresos e gastos sen ningún tipo de modificacións fiscais, sufra este tipo de retraso. Temos un equipo de goberno que presume de boa xestión, pero comprobamos que é incapaz de elaborar un dos documentos económicos máis importantes do Concello”, remarcou.

Mon denuncia ademais que o Goberno do PP “non ten proxectos nin iniciativas novas para os sectores estratéxicos da vila como son o turismo, o pequeno comercio, os autónomos ou para o sector da hostalaría”.



100 ANOS. O rexedor cervense, Alfonso Villares, quixo felicitar polo seu centenario ao veciño José López Pita, de Castelo. Compartiu uns intreos con el e coa súa familia, e entregoulle un recordo de cerámica de Sargadelos. Na foto, ao seu carón, está a súa esposa, Herminia, coa que leva casado 81 anos, nada máis e nada menos.

Cervo renovará no termo municipal toda a sinalización

O Concello de Cervo vai acometer unha renovación integral da sinalización de todo o termo municipal “que afectará ao conxunto dos núcleos de poboación e aos diferentes indicativos direccionais do municipio”. Así o anunciou o rexedor, Alfonso Villares, que avanzou que o orzamento para esta actuación supera os 115.000 euros (115.301,72 euros concretamente); procedentes todos eles das arcas municipais, do remanente de tesourería que nos permite afrontar este investimento grazas á xestión rigorosa das contas públicas.

O orzamento inclúe a fabricación, subministro, instalación e montaxe da sinalización direccional e das placas cos nomes dos diferentes núcleos de poboación, incluíndo a retirada e o relevo dos elementos antigos.

Tal e como subliña Villares, con esta iniciativa o que pretendemos é homoxeneizar a imaxe do Concello, reforzando a identidade de Cervo, como un todo; tamén a nivel turís-

tico para que cada recuncho quede perfectamente identificado”.

Todos os elementos, evidentemente, estarán construídos con materiais altamente resistentes aos axentes meteorolóxicos, de alta calidade de forma que garantan a súa durabilidade e faciliten o seu posterior mantemento.

Por outra banda o rexedor, explicou, que outra das actuacións que se van executar con fondos do remanente de tesourería será a mellora e acondicionamento dun camiño que transcorre polo núcleo de Abrigo, na parroquia de Rúa, que dá acceso a diferentes fincas da zona; por un importe de 26.550 euros.

O proxecto contempla a ampliación do ancho do camiño, de maneira que se facilite o acceso ás fincas localizadas nesa zona. Levantarase, tamén, un muro de dique para a contención da estrada, de 25m de largo e 2,5m de ancho, e así estabilizar o noiro existente. Levarase a cabo – tamén – unha pavimentación da vía mediante a extensión e

compactado dunha capa de xabre. Con esta obra –subliñou Villares– “incrementamos as infraestruturas básicas e melloramos a accesibilidade dunha zona rural do noso municipio, dando un paso máis na procura do obxectivo de equilibrar a balanza de servizos básicos entre as zonas urbanas e rurais, facilitando que para a nosa veciñanza sexa igual de atractivo vivir nun sitio que noutro”.

PLENO. Ademais, no pleno extraordinario tamén se aprobou un suplemento de crédito de 250.000 euros para a execución do paseo peonil de Sargadelos “dado que o orzamento previsto foi actualizado e viuse incrementado ata os 749.946,51 euros pola situación de mercado actual ante a suba do prezo das materias primas; así como pola maior presión ocasionada nos custos de produción pola guerra de Ucraína, debido ao peche da actividade de importantes produtores de materiais de construción”.

O museo presenta o programa do verán

A Rede Museística Provincial presentou no Museo de Lugo as actividades de verán, con distintos obradoiros e propostas didácticas arredor dos recursos e coleccións dos museos pensadas para distintas idades.

As actividades desenvolveranse nos meses de xullo e agosto, cunha axenda propia en cada un dos centros da rede, entre o que figura o Museo do Mar de San Cibrao. Desde sesións para coñecer o traballo en escavacións arqueolóxicas, dirixidas polo arqueólogo Enrique Alcorta, ata obradoiros de distintas disciplinas artísticas coa implicación de artistas locais, convivencias interxeneracionais a redor da tradición oral e viaxes aos distintos museos provinciais.

Entre as actividades lúdico culturais da axenda de verán, destacan os obradoiros *Onde nacen as historias*, que procuran potenciar a creatividade e a visibilización de todo tipo de artes, e que se desenvolverán en distintas datas nos catro museos.

As persoas participantes aprenderán a facer xoias con arcilla polimérica, crear unha historia a través da fotografía conceptual, utilizar a impresión textil vexetal, ilustrar lendas galegas, crear e representar obras de teatro ou compoñer cadros utilizando diferentes técnicas pictóricas.

Xa hai gañadores do XII concurso fotográfico Cervo Respecta 2022



O alcalde, cos premiados no certame Cervo Respecta

O rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, entregaron os premios aos gañadores do XII certame de fotografía Cervo Respecta nun marco natural e patrimonial incomparable como é o Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos. En total participaron 38 instantáneas e os gañadores recibiron como agasallo unha figura de cerámica de Sargadelos.

O xurado, constituído por especialistas na materia, deliberou

que o primeiro premio fora para Amencer de Marcial Fernández Bellón, e o segundo fora Luna, tú que lo ves, de María Carmen Vale Ramos.

Así mesmo concedeuse un Top Cervo á mellor fotografía dalgún paraxe do municipio Reflejos del amanecer en el faro de Consuelo Fra Fernández. E unha mención especial para as persoas usuarias da asociación Saúde Mental A Mariña, polo seu traballo en equipo.

O Concello refórzase cun vehículo bomba

O Concello de Cervo vén de reforzar o seu equipamento de protección e seguridade cun vehículo bomba urbana lixeira que supuxo un investimento por parte da Xunta de Galicia de 150.000 euros.

O alcalde de Cervo, Alfonso Villares, o edil de Protección Civil, Alfredo Fernández, e o responsable do GES, Mario Antuña, recibiron esta nova dotación da man do vicepresidente segundo da Xunta, Diego Calvo, nun acto que tivo lugar en Friol.

O novo vehículo, tal e como ex-

plicaron, está especialmente deseñado para a súa adaptación a terreos con zonas de paso estreitas; ten capacidade para tres persoas e “facilitará o transporte de auga no caso da extinción de pequenos lumes, ao contar cunha cisterna con capacidade para 1.260 litros”.

O rexedor quixo agradecer á Xunta de Galicia unha vez máis o seu compromiso con Cervo, neste caso reforzando os medios de seguridade e protección para a cidadanía.

A pista de skate de San Cibrao ampliarase con distintas áreas



A pista de skate de San Cibrao, en Cervo, verase mellorada proximamente cunha achega de 36.300 euros para a súa ampliación e acondicionamento.

O orzamento total da obra ascende a 51.800 euros e permitirá sumar novos elementos para a práctica de skate no parque Raíña Sofía, que recibe a multitude de afeccionados a este deporte procedentes de toda a contorna. Así, está previsto instalar

unha pista de patinaxe con obstáculos elevados e con formas tipo mini ramp que conecten coa pista actual. Constará de distintas áreas orientadas tanto a principiantes como a usuarios máis expertos.

Grazas á colaboración entre as administracións autonómica e local será posible executar esta actuación que enriquecerá a oferta de instalacións deportivas e de lecer no municipio de Cervo.

Volven Enredando no verán e as Noites Alternativas de Cervo

O luns 4 de xullo volveron as actividades de verán do Concello de Cervo co programa de Noites Alternativas, de luns a xoves, e Enredando no verán, luns e mércores.

Así, as Noites Alternativas contarán cun obradoiro de cartón, chapas para a Maruxaina, un de maxia, un laboratorio de perfumes, clases de surf, balonmano, kaiak, paddle surf e inchables acuáticos.

Dentro da programación de Enredando no verán haberá actuacións musicais, teatro, maxia, lasertag,

xincanas, un torneo de basket 3x3, fútbol praia, e circo.

Dende o Concello informaron de que haberá algunha actividade máis como clases de ioga os martes ás 12.00 horas para nenos de 6 a 9 anos, e xoves para os de 10 a 12 anos. Tamén poderase desfrutar en agosto de clases teatro os luns ás 11.30 horas para os de 6 a 9 anos e ás 12.30 para os de 10 a 12 anos.

Para máis información haberá que chamar ao 691 656 600 ou poñerse en contacto co Concello.

Rehabilítase o firme nas vías LU-153 e LU-122



Estase a executar a rehabilitación do firme nas estradas autonómicas LU-153 e LU-122 en senllos treitos que suman 400 metros e transcorren integramente polo núcleo urbano. A intervención ten un orzamento de 31.600 euros para actuar entre os puntos quilométricos 00+000 e 00+200 da LU-153 (Lourenzá-Masma) e entre o 32+700 e o 32+900 da LU-122 (Paraxes-Lourenzá).

As obras consisten na rehabilitación do firme con formigón bituminoso en todo o treito no caso da

LU-153; e na LU-122 mellorarase a marxe dereita. Tamén se reporán as marcas viarias nas zonas afectadas.

Durante a execución destas obras permanecen habilitados carrís alternativos de circulación coa correspondente sinalización provisional de desvíos, cando sexa necesario, ante posibles interrupcións do tráfico.

Estes traballos fanse co obxectivo de reforzar a seguridade viaria en zonas nas que conflúe o tráfico rodado co tránsito peonil.

O PP urxe a mellorar o firme da estrada de Vilanova a San Xusto

O PP urxe ao goberno local a arranxar o firme da estrada municipal entre A Tilleira e San Xusto, no municipio veciño de Barreiros, ante o seu mal estado: “xa non hai parte do asfalto por onde pasar sen pisar baches”.

Os populares lamentan que o goberno local “nin sequera teña realizado un bacheo nesta estrada” o que supón “un perigo para os seus usuarios, ademais dunha mala imaxe para o noso concello”.

Os populares advirten do prexuízo que supón o deterioro desta vía para os veciños desta zona da parroquia de Vilanova e tamén para o comercio local; xa que “moitos veciños da zona de San Xusto se desprazaban a

Vilanova facer as súas compras porque lles queda máis cerca”.

Dende o PP de Lourenzá advirten tamén do mal estado doutra estrada de titularidade municipal que comunica co concello veciño de Mondoñedo. Trátase da antiga nacional que une Arroxo co núcleo de Vilanova.

Os populares chaman unha vez máis a atención do goberno local pola súa tardanza á hora de comezar os traballos de desbroce das marxes das vías municipais. “A s beiras das estradas están sen rozar. É curioso que estea sen desbrozar todo o termo municipal excepto a vía que vai á Cazolga, que é de titularidade provincial”.



CABO NORTE. Os amigos Jorge Aguirre e Ceferino Martínez concluíron a súa aventura ata terras de Noruega despois de case 6.000 quilómetros nos seus vehículos, un coche Dyane 6 e unha moto Vespa 200.

Conclúe a reforma das instalacións da nave do recinto feiral municipal

Conclúen as obras de reforma das instalacións da nave do recinto feiral de Vilanova de Lourenzá para crear un local multiusos. A contía desta actuación é de 262.000 euros, financiada co remanente de tesourería.

O alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, explica que “ao longo dos anos vimos dándonos conta de que Lourenzá necesitaba un local multiusos onde poder realizar moitas das actividades que tiñan lugar no municipio. Actualmente contamos cun Salón de Actos non moi grande e dotado de butacas, o que dificulta poder realizar nel moitos dos eventos que teñen lugar no concello. A rexedora municipal engade que “recentemente tamén se conseguiu dentro do programa de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais unha axuda de 47.700 euros que nos permitiu acometer a substitución da cuberta existente de fibrocemento dunha das naves por outra nova de



panel de sándwich. Decidiuse por tanto completar esa actuación e seguir mellorando esa nave do recinto feiral de cara á creación dun local multiusos”.

Rocío López especifica que “a nave ten unha superficie de 1.928 metros cadrados e a intervención levouse a cabo nun terzo da mesma, quedando así a nave dividida en dúas partes. A zona sobre a que se actuou ten unha superficie de 635 metros cadrados construídos. As obras cons-

taron das seguintes partes: división interior da nave actual en dúas para adecuar o espazo a climatizar; mellora da envolvente térmica das fachadas e substitución das carpinterías existentes (ventás e portas); acondicionamento do chan cun pavimento laminado con acabado similar á tarima flotante; instalación eléctrica e de iluminación novas; e instalación dun sistema de climatización da nave e dun sistema de son no local multiusos resultante”.

Chegan as actividades de verán para os cativos

Lourenzá acollerá esta tempada estival unha nova actividade de ocio para os cativos, a Escola de verán, na que terán actividades de sendeirismo, manualidades, obradoiros, deporte, etc.

A escola será os meses de xullo e agosto en horario de 9.30 a 13.30 horas con posibilidade de ter horario de madrugadores. Está enfocado para nenos de 3 a 11 anos e contará con monitores titulados. Para máis información pódese chamar ou mandar un WhatsApp ao teléfono 646 337 863 para resolver as dúbidas.

INGLÉS. A academia de inglés Docklands Academy ofrece para este verán un Summer Camp para que os pequenos sigan aprendendo o idioma mentras disfrutan do bo tempo.

Neste campamento poderán disfrutar de actividades como equitación, paintball, trekking, karting, teatro, xogos, talleres de artesanía ou coidado de animais. Está destinado a pequenos de entre 3 e 12 anos e será en horario de luns a venres de 10.00 a 16.00 horas. As datas de realización son o 18, 22, 25 e 29 de xullo, e o 1, 5, 8 e 12 de agosto.



Para anotarse haberá que facelo a través do enlace. Para máis información será necesario contactar con eles no teléfono 605 738 247, ou consultar a súa web www.docklandsacademy.es. Esta academia ten sede en Foz e Lourenzá, pero o campamento será no concello laurentino.

Estas actividades axudan aos máis pequenos a aprender unha lingua para maximizar a habilidade do neno nese idioma máis adiante na súa vida. A través da música, contos, xogos e diversión en xeral o neno verase mergullado na lingua inglesa sen apenas darse conta e aumentará gradualmente o seu vocabulario e comprensión.

Convocada a cuarta edición do Certame de Teatro Aficionado

A Concellería de Cultura convoca a cuarta edición do Certame de Teatro Aficionado Concello de Lourenzá, que se celebrará durante os meses de novembro e decembro.

Anunciouno o concelleiro de Cultura, Manuel Arango Ron, quen explica que “as bases do certame aparecen publicadas na páxina web do Concello e o prazo de inscrición remata o 30 de setembro. As representacións das obras seleccionadas desenvolveranse durante o mes de novembro e a entrega de premios terá lugar nunha gala especial a celebrar no mes de decembro. O premio á mellor representación terá unha dotación económica de 750 euros e cada grupo seleccionado recibirá 300 euros en concepto de gastos de desprazamento, material, montaxe, etcétera. Ademais haberá premios para as mellores interpretacións, mellor montaxe e un premio especial do público. Nesta edición está previsto que as representacións teñan lugar no novo local multiusos que se está habilitando unha das naves da feira e que contará cunha maior capacidade e mellor accesibilidade da que dispoñía o salón de actos do Concello, onde se desenvolveron as edicións anteriores”.

DEPUTACIÓN

Reclama axudas ás ganderías para paliar o impacto da guerra

A Deputación urxe á Xunta a que convoque canto antes unha liña de axudas para o sector gandeiro co fin de paliar o impacto da guerra de Ucraína. Así se acordou por unanimidade no Pleno ordinario do mes de xuño celebrado este martes, a raíz dunha proposta presentada polo Goberno provincial.

A voceira socialista, Pilar García Porto, expuxo que a Deputación reclama “unhas achegas directas ao sector agrario, complementarias e da mesma cantidade que as dedicadas polo Estado aos produtores de Galicia, e destinadas aos subsectores gandeiros de carne, tanto de vacún, ovino e cabrún, como avícola e cunícola”. A institución provincial tamén insta a que o Goberno galego poña en funcionamento un Observatorio de Prezos que evite que os produtores cheguen a vender a perdas, e tamén a creación dunha Axencia autonómica de Información e Control Alimentarios como ferramenta para axudar a

conseguir os obxectivos fixados pola Lei da Cadea Alimentaria.

García Porto puxo de manifesto que, “mentres a Xunta aínda non ten achegado nin un só euro en axudas ao sector, o Goberno de Sánchez duplicou a solicitude de fondos que lle pedira o ex presidente Feijóo”. Lembrou, nese sentido, que o pasado 30 de maio, 6.434 gandeiros e gandeiras galegos de leite percibiron xa 55M€, dos que 25 millóns corresponden ás 2.835 explotacións leiteiras da provincia de Lugo.

Especificou, así mesmo, que o sector cárnico está na mesma situación. “Nin un só euro da Xunta, mentres que o Ministerio de Agricultura xa se moveu e ten en trámite as achegas”, manifestou a Deputada no Pleno. “Hai que falar de que hai uns meses os prezos do leite estaban en 29 e 30 céntimos, e hoxe están en 40 e 41 céntimos, e dende logo este resultado non foi froito da loita do Partido Popular nin das súa implicación alí

onde gobernan”, dixo.

A Deputada lembrou que a proposta vai na liña da iniciativa aprobada por unanimidade o pasado 17 de xuño no Parlamento de Galicia a instancia do PSdeG para reclamar tamén unha liña de axudas ao sector agrogandeiro con fondo propios. “Naquel momento estivemos de acordo, pero é necesario lembrar tamén que Feijóo cando aínda era Presidente lle reclamaba ao Goberno do Estado 65 millóns de euros, a mesma cantidade que aportaba a Unión Europea”. Así mesmo, afirmou que dende aquel momento, ademais das medidas xerais de bonificación dos carburantes, o Goberno de España aprobou un paquete de axudas para o sector duns 360 millóns de euros, 169 deles de xeito específico para o sector lácteo; e concretou, que no caso dos sectores agrogandeiros, o Goberno “duplica a axuda europea de 65 millóns de euros, aportando outros 128 ata chegar a un total de 193”.

Publicada a concesión de axudas para actividades culturais

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia a concesión provisional de axudas de concorrencia competitiva para a organización de actividades de interese cultural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Máis de 175 colectivos e asociacións culturais das distintas comarcas resultaron beneficiarias da convocatoria, que conta cun orzamento total de 200.000 euros.

A través das achegas, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo financia clases de música e baile tradicional, obradoiros de teatro, narración oral ou pintura, actividades de formación no eido das artes escénicas, a produción de documentais, a celebración de festivais, certames, xornadas relacionadas coa historia ou patrimonio, así como outras actividades de posta en valor das tradicións e do patrimonio inmaterial organizadas por asociacións en todo o territorio.

A vicepresidenta Maite Ferreiro sinalou que “con esta convocatoria renovamos o noso compromiso coas asociacións distribuídas polas parroquias, concellos e comarcas, que facilitan o acceso á actividade cultural en todo o territorio e xeneran un dinamismo moi necesario para o sostemento do tecido económico vinculado a creación e á produción cultural”.

A Deputación, anfitriña da Copa de España Creativa 2022



A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presentou xunto á presidenta de España Creativa, Belén Elisa Díaz, as bases e a convocatoria para optar a unha nova edición da Copa de España Creativa, que reconece iniciativas innovadoras para promocionar o desenvolvemento sostible do territorio.

Como gañadora da pasada edición deste certame de ámbito nacional, a Deputación acollerá a final do concurso este ano coa celebración do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España 2022, que terá lugar entre os días 10 e 12 de novembro baixo o título de Experiencias Lugo 2022 – Turismo, creatividade e innovación para o

desenvolvemento sostible.

A Copa de España Creativa inclúe catro modalidades: para cidades ou municipios de máis de 50.000 habitantes; para administracións de menos de 50.000 habitantes; para diferentes territorios, como rexións, illas, comarcas, provincias ou mancomunidades; e para empresas e outras entidades que dialoguen co territorio e impulsen proxectos de ámbito local ou rexional.

Os proxectos deberán abarcar dúas áreas diferentes, como urbanismo, medio ambiente, transporte, enerxías renovables, saúde, tecnoloxía, deporte ou educación, pero será requisito imprescindible que a cultura e a innovación sexan parte do mesmo.

Asoporcel recibe unha axuda de 39.000 euros



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou co presidente de Asoporcel, José Barreira Alonso, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega 38.000 euros á entidade. O acordo ten como obxectivo impulsar un plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade das granxas de porco celta. José Tomé Roca explica que este proxecto de Asoporcel impulsado pola Deputación ten como obxectivo facilitar aos gandeiros e gandeiras as ferramentas necesarias para que as súas granxas acaden a máxima rendibilidade e que a produción teña a mellor saída comercial. “Estamos a falar dun conxunto de ferramentas, como o asesoramento e formación dos gandeiros e gandeiras, o control da xestión dos aspectos sanitarios de produción, o control das medidas de bioseguridade, o mantemento das insta-

lacións, o control da trazabilidade da produción e tamén aspectos comerciais e publicitarios”, subliña o presidente.

A finalidade do convenio é, polo tanto, avanzar na profesionalización do sector, asentar as ganderías existentes e atraer á xente nova para iniciar unha actividade gandeira que resulte atractiva como xeito de vida. Tomé Roca engade que “con este convenio tamén se contribúe a incrementar os servizos de Asoporcel na súa función de dinamizador da raza porcina galega, conservando moitos postos de traballo existentes na actualidade relacionados directa e indirectamente co porco celta”. Nese sentido, para a implantación do programa engadiuse un novo técnico veterinario ao cadro de persoal da asociación no 2020 e neste 2022 incorporouse un enxeñeiro agrónomo.

Unha mostra sobre a inserción laboral de persoas con discapacidade visita 6 concellos

A Deputación levará a seis concellos da provincia a mostra Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas sobre a inserción laboral das persoas con discapacidade.

A exposición estará composta por 24 imaxes do fotógrafo coruñés Diego Silva, que amosa a capacidade laboral das persoas con discapacidade e que percorrerá os concellos de Monforte de Lemos, Sarria, Viveiro, Foz, Vilalba e Lugo entre mediados do mes de xuño e setembro. Coincidindo coa última parada desta mostra, que terá lugar no Pazo de San Marcos, haberá tamén unha xornada de formación sobre os Centros Especiais de Emprego que será aberta á cidadanía.

“Con esta iniciativa, dende a Deputación pretendemos poñer en valor o traballo que desenvolven as persoas con discapacidade nas empresas. Cremos que un aspecto moi importante para lograr unha inclusión plena das persoas con discapacidade é lograr a súa inserción laboral en igualdade de condicións. Por iso, esta exposición fomenta a sensibilización e a concienciación sobre esta realidade”, sinalou García Porto.

A Deputada remarcou que “estes traballadores e traballadoras son un exemplo claro de que é posible promover unha cultura empresarial inclusiva, que entenda a diversidade como un activo xerador de valor social e económico”.

DEPORTES

Foz acollerá a Carreira Campo da Cabana o 9

O Concello de Foz acollerá o 9 de xullo a Carreira Popular Urbana 5km Campo da Cabana e que será puntuable para o circuito TourMarriña.

Esta proba deportiva terá lugar a partir das 20.00 horas sobre un circuito de 200 m para pícaros, 500 m benxamíns, 1.000 m alevíns, 1.800 m infantís e cadetes e 5.000 m para a competición absoluta.

A competición transcorrerá por un circuito urbano pechado á circulación de vehículos, cun perfil moi suave propicio para unha carreira rápida. Disputarase sobre un percorrido moi rápido de 5.000 metros, totalmente urbanos, polas rúas de Foz, con saída e meta na praza Rosalía de Castro. O tempo máximo para percorrer os 5.000 m será de 50 minutos. Todo aquel atleta que supere devandito tempo poderá finalizar a carreira baixo a súa responsabilidade.

O sistema de cronometraxe da proba será mediante chip, publicándose a clasificación oficial os días pos-



teriores ao evento na páxina web www.championchipnorte.com e a web runfozrun.com. Os atletas deberán entregar o chip en alugueiro ao finalizar a carreira.

A inscrición estará limitada a 300 corredores para a carreira absoluta, 100 corredores para a carreira Pícaros, 100 corredores para a carreira Benxamíns, 100 corredores para a carreira Alevín, 100 corredores para a carreira Infantil e Cadete. Haberá trofeos aos tres primeiros clasificados masculino e feminino de cada categoría.

As Guerreiras Laranxas reciben a medalla Castelao da Xunta

O equipo do Pescados Rubén Burela feminino de Fútbol Sala vén de ser condecorado coa medalla Castelao 2022 pola Xunta de Galicia, unha medalla que segundo o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, "se lles recoñece o seu traballo, logros e que leven o nome de Galicia máis alá das nosas fronteiras".

A Medalla Castelao é unha condecoración de carácter civil outorgada pola Xunta de Galicia. Distingue a obra artística, literaria, intelectual ou de calquera outro tipo dunha personalidade galega.

Foi creada en 1984 con motivo do retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño dese ano. Afirmaba o Decreto de creación da Medalla: (...) a perfección, o simbolismo ou a transcendencia das obras é o reflexo dun traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia e no ser dun pobo.

O equipo das guerreiras laranxas foi galardoado con este prestixioso



premio, froito do seu traballo e dominio no seu ámbito deportivo. Recibirano nun acto que se celebrará o 28 de xuño en Santiago de Compostela e no que tamén serán nomeados o político Camilo Nogueira, o chef Javier Olleros, o xornalista Javier Sánchez de Dios e a coral polifónica El Eco de A Coruña.

Como logros destacaban que o equipo é tetracamión da Supercopa de España, camión da Futsal Women's European Champions e nominado mellor equipo de fútbol

sala feminino do mundo e un longo etc de títulos no seu palmarés.

NOVO ADESTRADOR. Xa se ocupou a vacante do posto con David Rial, un xoven adestrador de fútbol sala, con experiencia e formación das mellores escolas de adestradores e xogadores do panorama nacional. Ten reputada experiencia como adestrador no primeiro equipo do Santiago Futsal, dirixindo ao combinado santiagués en segunda división española desde o 2019 ao 2021.

EN BREVE

ACD XOVE. A ACD Xove organiza para este verán clases de surf para todos os nenos e rapaces, que sexan socios da entidade, de forma totalmente gratuíta. Cada curso, tanto o de Iniciación, como o de Avanzado, estará dividido en diferentes sesións e celebraranse en xullo e agosto.

SP PONTENOVA. O Sporting Pontenova ten aberta a inscrición para as escolas deportivas municipais para a tempada 2022/2023 para as categorías de prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil. Para inscribirse ou resolver dúbidas haberá que chamar ao teléfono 699 818 091 ou mandar un correo electrónico a sportingpontenova@gmail.com.

XOVE FS. O Xove FS xa ten novo adestrador para a vindeira tempada. Trátase do técnico Iván Cao Valle, coñecido por Lucas, e que vén a substituír a Quico Otero á fronte do equipo que se atopa en Terceira División. Este adestrador procede do Burela FS feminino onde gañou numerosos títulos, incluíndo unha Futsal Women's European Champions.

VETERANOS. O XVII Torneo Internacional de Veteranos de Ribadeo será os días 27 e 28 de maio do 2023, no que participarán 1.000 persoas.

O Concello de Viveiro felicita aos equipos locais pola boa tempada



A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, recibiu ao equipo de cadetes do Viveiro CF e aos cadetes do SD Viveiro na sala multiusos do Concello de Viveiro. A rexedora entregoulles un pequeno detalle aos equipos e aos xogadores polos éxitos obtidos na presente tempada.

Pola súa banda, os cadetes do Viveiro CF gañaron a Liga Galega da súa categoría, logrando así o ascenso á División de Honor.

Doutra banda, os cadetes do S.D. Viveiro gañaron a Liga Provincial, conseguido así unha praza na Liga Galega para a vindeira tempada.

"Os éxitos deportivos dos nosos equipos son un orgullo para todo Viveiro. Dende o goberno local seguiremos apoiando ós deportistas locais, especialmente nas categorías de menores", subliñou a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

Dobre cita deportiva este verán no campo Boavista do Vicedo



Os días 16 e 17 de xullo o campo de Boavista, no Vicedo, acollerá o V Torneo de Veteráns e o II Marathon F7.

No V Torneo de Veteráns poderán anotarse maiores de 35 anos e contará con tres fichas libres para maiores de 30. Na competición participarán diferentes equipos da provincia, que loitarán por levar unha parte dos 800 puntos que entregará o comité organizador aos mellores. O vencedor levará 400 euros e o segundo 200. Tanto o terceiro como o cuarto recibirán 100 cada un.

Ademais, estes catro equipos recibirán un trofeo, xunto ao máximo goleador do torneo, ao mellor por-

teiro e ao equipo máis deportivo. A cuota de participación é de 120 euros e inclúe o seguro de accidente. Por outra banda, tamén se xogará o II Marathon F7 no que tamén haberá premios e trofeos para os catro primeiros clasificados, aínda que dependerán do número de equipos inscritos. Tamén contarán con trofeos para o máximo goleador e o mellor porteiro. A cuota de participación é de 150 euros e inclúe o seguro de accidente.

Os partidos do sábado comezarán ás 9 horas e xogaranse ata a noite, mentres que o domingo iniciaranse á mesma hora e terminarán ás 20.30 horas coas disputas das finais.

Comeza o mes das carrilanas

As localidades de Ribeira de Piquín, A Pontenova e Meira acollen en xullo as baixadas, que rematan en Alfoz en setembro

As carrilanas son o deporte de inercia máis antigo que existe. Basicamente trátase de descender portos de montaña en vehículos de 3 ou 4 rodas equipados con dirección e freos e, por suposto, sen ningunha propulsión. Córrense desde hai moitos anos nas festas patronais pero nos últimos anos teñen evolucionado combinando a competición, o bo ambiente para ser converter nunha sinal de identidade cultural da zona. Nos últimos anos convertéronse nun verdadeiro xerme de pilotos para as disciplinas do bobsleigh, skeleton e luge sobre xeo pola gran cantidade de puntos que teñen en común.

Este deporte está baixo a normativa da Federación de Deportes de Inercia ou FDI, que é unha organización sen ánimo de lucro, de ámbito nacional, que engloba, normaliza e regula a práctica deste deporte de descenso.

A provincia de Lugo empeza a ser un centro importante da práctica deste deporte, axudado sen dúbida pola súa orografía e empuxado tamén polo elevado público que acude a estas citas, que se están a contaxiar entre concellos veciños.

Agora mesmo, na provincia de Lugo dispútase ao ano sete probas deportivas e quitando a de San Clodio, en Ribas do Sil, o resto teñen lugar en concellos próximos a Abadín, que foi o xerme da iniciativa.

Das sete, cinco teñen lugar no mesmo mes, xullo e son precisamente todas en concello veciños.

O circuito comezou en Ribas do Sil o pasado 25 de xuño, na que foi a primeira das edicións da baixada e continúa este mes todas as fins de

semanas seguidas comezando por Ribeira de Piquín (o 9). A de Abadín, prevista para o 17, acordouse non celebrarse finalmente pola alta incidencia da covid. Continuarán coa Pontenova, Riotorto e Meira. Finalmente, en setembro é a vez de Alfoz, que pecha o calendario.

A tradición apórtaa Abadín e A Pontenova, esta última cita imprescindible no calendario dos deportes da inercia xa que as súas puntuacións son válidas para o Campionato e a Copa de España.

RIBEIRA DE PIQUÍN

A Asociación Carrilanas Os Meiregos organiza a segunda baixada de carrilanas no concello de Ribeira de Piquín. A Asociación de Carrilanas Os Meiregos é un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudas aos negocios.

ABADÍN

Abadín non acollerá finalmente o descenso de Carrilanas, unha actividade que se celebra na localidade desde hai dezasete anos e que rompeu a súa progresión a pandemia. Nesta ocasión, a competición que ía ter lugar o domingo 17 de xullo cun percorrido de 3.600 metros desde A Corda ata o centro de Abadín, non terá lugar.

Esta baixada decana xurdiu como complemento das festas patronais que teñen lugar en setembro pero



pouco a pouco foron agrandando a súa competencia e na cuarta edición cambiaron xa a data para xullo tendo a súa propia identidade no programa de actividades municipal.

A PONTENOVA

O vindeiro sábado 23 e domingo 24 de xullo as carrilanas volverán á Pontenova, da man do Campionato de España dentro da Federación de Deportes de Inercia.

Esta proba deportiva comezará o sábado coas verificacións dos vehículos participantes na proba e os adestramentos. Xa o domingo 24 de xullo será o día da carreira e acto seguido a entrega de premios seguida dunha sesión vermú.

Para participar será necesario inscribirse antes do 20 de xullo. E para calquer dúbida haberá que enviar un email a motoreopontenova@gmail.com.

É a competición máis importante do ciclo lugués, xa que ademais da Copa Galicia, é puntuable para as dúas competicións nacionais.

RIORTORTO E MEIRA

Os concellos veciños de Riotorto e Meira comparten moitas actividades e non podía ser menos neste caso. Na mesma fin de semana en días consecutivos terá lugar unha baixada de carrilanas en Riotorto o

sábado e o domingo en Meira. Ambas as dúas están organizadas pola Asociación de Carrilanas Os Meiregos, a mesma que fai a de Ribeira de Piquín. Para a vila do Miño será tamén a segunda edición mentres que a de Riotorto terá lugar por primeira vez este ano.

ALFOZ

Pecha o calendario a localidade de

Alfoz, que volverá ter carrilanas o 17 de setembro de 2022, un pouco lonxe do resto.

A actividade está organizada pola Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo, un club formado por veciños e amigos de Alfoz e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudas aos negocios. Sen dúbida, será o colón do verán.



DATA	CONCELLO	COPA GALICIA	COPA DE ESPAÑA	CAMPIONATO DE ESPAÑA
25 de xuño	Ribas de Sil			
9 de xullo	Ribeira de Piquín			
17 de xullo	Abadín	Suspendida		
23/24 de xullo	A Pontenova			
30 de xullo	Riotorto			
31 de xullo	Meira			
17 de setembro	Alfoz			

“Necesitamos conseguir xente nova, que sería o futuro do club”

Francisco Ramil, presidente do Club Billar Viveiro

Quen se atopa á fronte do Viveiro Club de Billar?

Pois na xunta directiva en estes momentos está Eduardo Pena, como secretario, Francisco Benítez, como tesoureiro, e máis eu de presidente.

Cantos membros son?

Somos oito socios, todos adultos.

Dende que ano está formado o club?

O club iniciou a su andadura a finais dos anos oitenta no extinguido Casino de Viveiro pois habíanos cedido un local a cambio de facernos socios da entidade e nós compráramos a única mesa que tiñamos por aquel entón.

Onde teñen a sede ou local coas mesas?

A sede está situada no antigo Colexio Vello de Celeiro, no cal o Concello nos facilitou unha das salas dispoñibles.

Fan máis actividades ademais de

competir?

Neste momento a actividade principal é a competición na Liga Galega, nos “opens” autonómicos e en algúns dos nacionais; ademais por suposto dos nosos adestramentos.

Que aporta o club á vida deportiva de Viveiro?

Creemos que aporta visibilidade e difusión de Viveiro por toda Galicia e incluso a nivel nacional. Xa no ámbito do billar podemos dicir que o Viveiro Club de Billar é coñecido en toda España. E claro está, este é un deporte bastante minoritario.

Contan con apoio municipal?

Por suposto, sin o apoio municipal unha vez desfeito o Casino sería imposible a continuación do club, por iso agradecemos que nos cedera as instalacións e contamos sempre co seu apoio.

Que necesidades teñen?

As necesidades principais son por suposto conseguir máis socios so-

bre todo de xente nova que serían o futuro do club. Pero esta é unha tarefa difícil xa que é un deporte non moi coñecido como tal, pero que unha vez que o probas xa non o podes deixar.

Recentemente foron subcampións da Copa Galicia. Como se sentiron?

Evidentemente moi contentos. Xa fomos campións da Copa Galicia de Segunda división fai 3 tempadas. E agora somos subcampións da máxima categoría, isto para nos significa un gran orgullo, e é a recompensa ao esforzo realizado tanto económico, como de tempo de adestramento, organización das xornadas na casa, etc.

Como se atopan agora mesmo?

Pois estamos con moitos ánimos para pelexar polo campionato a vindeira tempada.

Algunha lembranza especial dalgún torneo ou adestramento?



Seguramente o logro conseguido do subchampionato, pero por citar o último, estas últimas semanas estivemos xogando en Xixón o torneo nacional Princesa de Asturias, onde o noso club enviou a tres dos seus xogadores. E a experiencia de participar nun torneo dese nivel, con xogadores de elite nacional e incluso mundial, e irrepitible e moi reconfortante. Tamén estivos a finais de xuño no Campionato Galego de billar a tres bandas de Chantada.

Participan en moitos torneos?

Pois en todas as que nos permiten a ocupacións diarias, pero sobre todo en todos os “opens” galegos, na liga, e nalgún open nacional.

Hai moitos clubs como o seu na Mariña?

Na Mariña somos o único, pero na provincia de Lugo hai dous máis, o Círculo de Lugo e o Círculo de Chantada.

Algunha novidade para esta tempada?

Recentemente abrimos un canal en Youtube onde comezamos a emitir as partidas de Copa Galicia en directo. Empezamos xusto na última xornada, donde confirmamos o subchampionato. E esperamos que na vindeira tempada xa poidamos emitir todos os partidos en directo para que a xente disfrute desde marabillioso deporte.

A Pontenova acollerá dende o 14 o I Torneo de verán de pádel

O Concello da Pontenova acollerá os días 14, 15, 16 e 17 de xullo o I Torneo de verán de pádel.

Esta cita deportiva será na pista municipal e para participar será necesario inscribirse antes do 10 de xullo a través de Instagram @apontenova-loungebar ou chamando ao teléfono 603 721 785 e 648 200 888.

Este torneo contará con tres categorías, 1ª Masculina, 1ª Feminina, e 2ª Masculina, así como premios en material deportivo en todas as categorías para as parellas finalistas.



Adrián Ben irá ao mundial de atletismo de Eugene o 20

O viveirense, Adrián Ben correrá os 800 metros do mundial de atletismo que se celebrará en Eugene, Oregón, trala súa medalla de prata no Campionato de España.

Así, na final dos 800 metros lisos celebrada en Nerja, Málaga, Ben impúxose ao murciano Mariano García. Así, o ouro foi para o salmantino Álvaro de Arriba cun tempo de 1:45:82, Ben conseguiu a prata con 1:46.01 e Maria-

no García 1:46.04.

Ben saía na cuarta posición, pero comezou a acelerar para situarse terceiro e xa nos últimos metros demostrou estar máis forte que o murciano o que fixo que terminara entrando segundo.

O mundial arrincarás o día 15 e a proba na que participará o viveirense será o 20 na semifinal. Dous días despois será a final, programada para as 3.10 (hora española)

O Colexio Martínez Otero de Foz acollerá un campus de baloncesto e praia



O Colexio Martínez Otero de Foz acolle un campus de baloncesto e praia do 31 de xullo ao 6 de agosto destinado a nenos de 8 a 18 anos.

Desde a organización cren que os períodos vacacionais son un excelente momento para promover a aprendizaxe do baloncesto. Por iso o seu principal obxectivo é o de implicarse na mellora dos fundamentos e o perfeccionamento técnico e táctico dos xogadores e xogadoras, que ás veces se ve relegado a un segundo plano. Para conseguilo, planificarán sesións específicas de adestramentos xunto a competicións, baixo a supervisión dun equipo de adestradores cualificados. Tamén terán visitas de profesionais, praia, actividades de tempo libre... Máis información e dúbidas no 641 275 994 ou no correo drocer@recordeventos.com ou campusfoz@gmail.com. E pódese facer a inscrición no seguinte enlace.

Aberto o prazo de inscrición da VI Carreira Burela Bonita

Continúa aberto o prazo de inscrición para a sexta edición da Carreira Popular Burela Bonita, que se celebrará o 30 de xullo a partir das 19.00 horas con saída e meta na Praza da Mariña. A competición realizarase sobre un circuíto urbano pechado á circulación de vehículos, tendo que percorrer 100 metros a categoría de pícaros, 650 metros os benxamíns, 1200 metros alevíns, 1700 metros infantís e ca-

detes. A competición absoluta será de 5000 metros, que os e as participantes deberán percorrer nun máximo de 50 minutos.

A inscrición, que deberá realizarse na web de championshipnorte, está limitada a 300 corredores para a carreira absoluta, 100 corredores para a de pícaros, 100 para benxamíns, 100 para alevíns, e outros 100 para a carreira infantil e cadete. O prazo finaliza o 27 de xullo.

Boa actuación do padexeiro focense Xoel Docal no Galego

Boa actuación do padexeiro focense Xoel Docal no Campionato Galego de Pista celebrado en Berducido. O padexeiro que ten a súa residencia en Barcelona por motivos laborais, realizou un excelente campionato ao alcanzar finais en todas as probas que participou, quedando sétimo no K1 1000, a piques de alcanzar a medalla de bronce no K2 500 que perdeu por 0.08 segundos co seu compañeiro Albert Liberal, e por fin, o terceiro posto no K4 500 xunto cos seus compañeiros Javito, Marcos e Diego.



MAR

Rematada a nova campaña no pecio do Galeón San Giacomo

Rematou a campaña arqueolóxica no pecio do Galeón San Giacomo di Galizia, en Ribadeo, posta en marcha a mediados de xuño para dar continuidade aos estudos iniciados en 2018 e avanzar no coñecemento da construción naval da Coroa Española do século XVI en colaboración co Institute of Nautical Archeology de Texas.

O equipo técnico liderado polo arqueólogo Miguel San Claudio informou que o pecio atópase totalmente cuberto pola area, pero aínda así puideron realizar un estudo dalgunhas partes e recolleron información importantes e obxectos para o seu estudo. No proxecto inicial estaba previsto levar a cabo unha intervención na parte central do buque e sondar o perfil transversal da embarcación para continuar co estudo da disposición da quilla e da carlinga.

ESPECIALISTAS. O pecio do San Giacomo é un dos grandes xacementos localizados até o momento da súa época e, estes últimos anos, está a achegar unha importante información arqueolóxica sobre a construción naval da Coroa do século XVI. Neste sentido, cómpre lembrar que a Xunta de Galicia impulsou campa-



ñas arqueolóxicas nos anos 2018, 2019 e 2020 coa colaboración dun equipo internacional entre os que, ademais de especialistas da Unidade de Buceo da Armada Española e do Instituto of Nautical Archeology de Texas, destacan expertos do CSIC, da University of Wales Trinity Saint David, do Maritime Archaeology ou doutras institucións como a Federación Galega de Actividades Subacuáticas, a Real Liga Naval Española ou o Real Club Náutico de Ribadeo.

Na última destas campañas constatouse que se conserva preto dun 20% da estrutura da cuberta ao longo da eslora no costado de babor e

se localizou unha cureña naval, un elemento novidoso que consiste nun tipo de carro para montar as pezas de artillería, así como unha gran cantidade de munición de pedra e ferro.

O GALEÓN. O galeón Santiago de Galiza, un barco da Real Armada de Filipe II, arribou a Ribadeo en mal estado acompañado de dúas urcas. Afundiuse o 13 de novembro de 1597 e a tripulación foi auxiliada e acollida por ribadenses. Trátase do galeón mellor conservado das augas territoriais españolas e un dos máis avanzados de finais do século XVI en técnica construtiva.

Cervo convenia para ampliar as zonas de pesca recreativa

A presidenta de Portos de Galicia, Susana Linguas, asinou cos alcaldes de Cervo, Malpica, Muros, Porto do Son e Ribeira os convenios de colaboración para o control da pesca recreativa nos seus peiraos que permiten ampliar os horarios e zonas autorizadas para esta práctica nos portos dos cinco concellos. Deste xeito formalízase o compromiso de abrir máis zonas á actividade mediante a colaboración institucional e minimizando riscos ao igual que se fai noutras actividades de ocio efectuadas nos portos. Os acordos permiten establecer un control e vixilancia por parte dos Gobernos locais dunha actividade vinculada unicamente co lecer dos veciños e allea por completo á operativa portuaria. O ente público salienta que esta fórmula é a máis axeitada para ampliar as zonas e minimizar os riscos -tanto dos afeccionados como dos profesionais dos portos- e anima ao resto de concellos do litoral a sumarse a esta posibilidade para poder avanzar na autorización da pesca de lecer coas maiores garantías para os pescadores e a actividade portuaria. De feito, lembra que os concellos

apoiaron activamente ampliar zonas, polo que teñen nesta vía unha opción para obter resposta ás súas demandas.

Portos de Galicia incide ademais en que a normativa que regula esta práctica é viva e considera factible abrir novas áreas para a práctica da pesca recreativa en superficie en máis dunha vintena de portos de titularidade autonómica se existe colaboración cos concellos para o auxilio e control da actividade. Os convenios asinados permiten facelo en San Cibrao, Aguiño, Corrubedo, Palmeira, Malpica, Muros, Portosín e Porto do Son, aos que se poderían sumar -en caso de recibir o apoio dos Gobernos locais correspondentes- A Pobra do Caramiñal, Bueu, Burela, Cabo de Cruz, Caión, Camariñas, Camelle, Cariño, Castiñeiras, Escarabote, Moaña, O Xufre, Rianxo, Ribadeo, Sada, Santa Cristina, Tragove e Viveiro.

O ente público avanza así na regulación aprobada o pasado verán e que permitiu levantar total ou parcialmente a prohibición da práctica da pesca recreativa en superficie que rexía desde os anos 70 en todos os portos.

Ecoloxistas en Acción impón a bandeira negra a Ribadeo e á praia de Arealonga en Barreiros

Un ano máis, tras unha análise do litoral galego, Ecoloxistas en Acción presentou o informe Bandeiras Negras 2022 Galicia. Trátase dun estudo que recompila as 6 bandeiras que a organización ecoloxista outorga a puntos concretos do litoral galego, dous para a provincia de Lugo, un caso de contaminación e outro de mala xestión ambiental.

Na provincia de Lugo, a Bandeira Negra por mala xestión recaeu na privatización da Illa Pancha, no Concello de Ribadeo. A pesar de atoparse afectada por diferentes figuras de protección, esta illa está dedicada ao aproveitamento turístico por unha empresa privada. Ese aproveitamento está a producirse desde decembro de 2017 sen que se achegase o Estudo de Impacto Ambiental requirido polo Defensor do Pobo e sen que Autoridade Portuaria nin o

Concello de Ribadeo tomen medidas administrativas concretas para permitir o acceso libre dos veciños que esixe a lei de costas. A outra Bandeira Negra en Lugo sinala a contaminación da Praia de Arealonga, no concello de Barreiros. Na devandita praia desembocan dous arrosios. Un deles, o situado no lado este de a praia, chamado Rego do Loureiro discorre polo espazo comprendido entre o Cámping A Nosa Casa e un establecemento de restauración nomeado A Yenka. O outro, chamado Rego de San Miguel, percorre o centro urbano da localidade e vai desembocar no lado occidental da praia. Dous arrosios que recollen augas de rede de sumidoiros desembocan na praia. Nun dos casos a depuradora non funciona desde hai anos. No outro a depuradora é insuficiente en época estival.

Desmantelada a primeira lancha da Cruz Vermella de Burela

A que fora a lancha de salvamento da Cruz Vermella en Burela, a chamada Carmela, foi desmantelada na explanada do porto burelés onde foi depositada no 2005 tras a súa baixa.

Dende o PP municipal reprochoulle ao Concello non haber adicado fondos o merca para así poder ubicala nunha das rotondas ou parques da vila mariñá.

Portos de Galicia lamenta o despezamento da embarcación de salvamento e aclara que foi necesaria a súa retirada de terreos portuarios por cuestións de seguridade.

O ente público subliña que as xestións para a súa retirada comezaron hai anos ante o seu estado de abandono e a ausencia de tarefas de mantemento, o que supoñía un importante risco para os vehículos que estacionaban nas súas proximidades e para as persoas que paseaban pola súa contorna.

Portos de Galicia estivo en contacto permanente coa Cruz Vermella



-propietaria do barco- mentres a entidade mantiña conversas coa Administración local e outros organismos coa finalidade de trasladalo a outra localización ou buscarlle un uso alternativo. Neste sentido, a intervención do ente público limitouse a solicitar a retirada da embarcación por cuestións de seguridade e foi o seu propietario quen tomou a decisión de despezala.

O organismo autonómico lamenta que os contactos para garantir a continuidade da Carmela non des-

en froitos pois trátase dunha embarcación histórica que entrou en servizo no ano 1980 e que realizou importantes labores de rescate e salvamento marítimo na Mariña lucense nas décadas seguintes.

A Carmela tiña unha embarcación xemelga na Costa da Morte que tamén foi desmantelada fai lustros e foi bautizada con ese nome en homenaxe a Carmela Arias y Díaz de Rábago, condesa de Fenosa, xa que aportaran fondos para armala en Bilbao a principios dos anos 80.

COLABORACIÓNS

1, 2, 3, Responda outra vez

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

O cuestionario Proust é un conxunto de preguntas contestadas polo escritor francés Marcel Proust, empregado a miúdo por entrevistadores modernos coma Javier Aznar no podcast Hotel Jorge Juan. Conversas arredor dunha chisporroteante copa de Seagrams, tónica, e sei firmemente con que tono se vai a ler o adxectivo desde Gaibor. Chisporroteante. Só fai falla algo para mascar, pensar, crer e medrar. Como tamén sei que eu non vou a ter que enfrontarme a estas preguntas endexamáis diante dun micro, vounas a contestar aquí. Polo menos, algunhas, as que me de tempo antes de pasar a facer outra cousa.

Ou as xustas para facer os tres mil cinco centos caracteres e poder marcar outra cruz na páxina que vai de hoxe a onte. Son trinta preguntas para coñecer en profundidade a unha persoa, así que tampouco podo contestar a todo con verdade absolutas, basicamente porque tampouco existen e porque non é a finalidade última nin desto nin de ningunha entrevista. Coido que en cada conversa do podcast, cada entrevistado acaba proxectando o que quere ser moito máis alá do que é na realidade.

Cal é o aspecto principal da miña personalidade? Coido que o pensamento crítico, a tenacidade froito da cal rematei a carreira e dirixe todos e cada un dos días da miña vida. Proust contestou que a necesidade de ser amado, máis alá da necesidade de ser admirado. E agora que xa respondín o que debería, direi que o forte temperamento é o que rixe

a miña personalidade, a vena abultada á mínima de cambio, a mecha curta.

Cal é a cualidade que máis valoro noutra persoa? Aquí non teño dúbidas, a bondade. A boa fe como maneira habitual de proceder, sen intereses de por medio, interésame cando actúa e fala o corazón. Dixo Zuazua, de nada serve que queiras algo ou a alguén, se malia que sexa das túas persoas máis queridas, ela non o sabe. E non podo estar máis de acordo.

O meu erro principal? Preguntádlle á miña nai, que non é china, pero podería selo perfectamente. Por esa maneira tan súa de enumerar defectos e erros coa finalidade de seren mellorados, pero nunca, nunca, as virtudes, non vaia ser que me confunda e me confíe.

A miña ocupación favorita non é escribir nunha cafetaría coma Mauro Libertella, é ler na Riguei-

ra, é ter tempo para H. E a miña idea de felicidade perfecta é saber que toda a xente que quero está ben, ten saúde e non me asusto cando escoito a melodía de chamada do iPhone, para min a felicidade ten moito de con quen e moi pouco de como. Aquí si que coincido con Proust, e teño medo de que non sexa o suficientemente grande, teño medo a destruílo se o digo. Igual ca o maior infortunio sería non coñecer á miña nai ou á miña avoa Anisia, da igual cando conteste esto. A miña cor favorita depende de para que. Podería dicir que o gris, nun mundo de brancos e negros, a min defíneme o gris.

Que me gustaría ser? Feliz, a ratiños e de cotío. Aos poucos. Porque eu mesma xa son, e aquí, non entendín a resposta do autor.

Non teño flor favorita, así que podedes preguntarlle a B., que terá

seis ou sete nomes e quédome co descarte. O paxaro favorito é calquera que non sexa unha gaivota, non me gustan especialmente as aves, só no prato diría se non tivese a pretensión de ser políticamente correcta. A miña poetisa favorita é Rosalía, porque sinto a súa mesma dor cando a leo, porque busco xente que me faga sentir, e ela consígueo a través do papel, sen sermos coetáneas ela sempre é a que me le o corazón a min.

E non contesto máis, para non espirme, pero seguirei a preguntarlle aos meus que se tivesen na man unha cápsula para facelos un dez por cento máis listos pero que os perciban un vinte por cento máis parvos, a tomarían. Sabendo que eu si, porque di Jabois que que te perciban máis parva é xogar con moita vantaxe na vida, e porque esa foi a miña máxima cada día que entrei nunha aula da Facultade de Matemáticas.

Covid e saúde mental

O PUPITRE



Julio Díaz

A pandemia que vivimos acaba de poñer de manifesto, incluso de moda, todo o referido a saúde mental dos nosos rapaces e tamén de nos mesmos. De feito, permite que os temas referidos a esta cuestión, ocupen as primeiras páxinas da maioría dos medios de comunicación, sendo unha constante as continuas disertacións de boa parte de nosos dirixentes que, de forma aberta e directa, tratan sobre a saúde mental. Temos que recoñecer que dous anos de pandemia conseguiron máis que todo o esforzo de décadas de loitas e reivindicacións dos profesionais e das familias das persoas afectadas. A saúde mental dos mozos españois de entre 15 e 19 anos sufriu un violento revés nos derradeiros dous anos. Os problemas relacionados ca saúde mental pasaron dun 9,5% no ano 2019 ao 17,7% no 2021. Hai que ter en conta que, antes da crise do Covid-19, neste sector da poboación era onde menos se detectaba a idea de suicidio, pero agora, pola contra, encabeza o grupo que con maior frecuencia

posúe este tipo de pensamento suicida, pasando dun 5,5% no 2019 ao 12,3% no 2021, no grupo de idade de 15-19 anos, e do 6,3% no 2019 ao 9,2% no 2021, no de 20 a 24 anos. Estes datos son algunhas das conclusións do Barómetro Xuvenil de Saúde e Benestar da Fundación Mutua Madrileña, realizado en España entre os mozos de 15 a 28 anos. Neste estudo constátase ademais a percepción que este grupo poboacional ten respecto o empeoramento da súa saúde física e mental nestes derradeiros anos. Este feito, debe espertar en nos, os docentes, unha alerta constante na vixilancia dos seus estados de ánimo. Nestes últimos anos o deterioro da saúde mental que, por diferentes motivos, xa estaban sufrindo on nosos mozos, foi de repente incrementado e acentuado dun xeito notable pola chegada do Covid-19. Pero eles, ademais, víronse afectados por graves aspectos colaterais á propia pandemia como o peche dos seus centros educativos, o medo ao contaxio, as constantes noticias sobre falecementos, as enfermidades no entorno familiar e incluso mortes, a imposibilidade de actividade física no exterior... Todo isto provocou un cambio substancial nas súas vidas: excesivo tempo na casa, moitas de-

las diante da tele e das "maquiniñas", sempre co móbil na man, con unha dependencia obsesiva das redes sociais e case nulo contacto co exterior e cos seus compañeiros. Durante o confinamento desapareceu de feito o contacto directo con amigos, profesores, monitores deportivos, traballadores sociais... facendo que o número de consultas de saúde mental, mesmo de ingresos psiquiátricos, infantís e xuvenís, aumentaran de forma exponencial, acentuando e agravando os problemas que xa se sufrían antes do Covid-19.

Somos os propios docentes os que, a pesar da escasa preparación recibida para detectalos, observamos máis ansiedade, depresión, agresividade, estres e trastornos de conduta alimentaria nos nosos alumnos. Isto require unha urxente intervención das administracións educativas para lograr un amplo e consensuado Plan de Saúde Mental Escolar que minimize os devastadores efectos da pandemia que voltou do revés o equilibrado, pero á vez fráxil quebracabezas, que intentamos manter nos nosos centros educativos no referente a saúde mental e a convivencia dos nosos rapaces. É por tanto indispensable deseñar e executar estratexias e programas baseados

na prevención, avaliación e intervención nos avanzados trastornos mentais que os docentes observamos como se agudizan día a día de forma incesante e alarmante.

A pandemia visibilizou os retos os que debemos enfrentarnos respec-

to a saúde mental dos nosos alumnos. É imprescindible que adoptemos medidas e que establezcamos estratexias para proporcionar ó alumnado un benestar emocional adecuado que pouco a pouco borre as fendas que a pandemia xerou.

O RECUNCHO DE CANELINA



1 x 1.000

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Como poder vivir mil historias nunha soa vida? Como se explica a maxia do cine? Sinto auténtica fascinación polo mundo do audiovisual, todo o que engloba e representa. Desde o labor dos/das guionistas, directores/as, actores e actrices ata o dos/das compositores/as, técnicos/as de todo tipo ou responsables de publicidade e marketing. É un universo no que a creatividade e a fantasía están moi presentes, sendo ingredientes imprescindibles para o bo facer e o éxito ou non dunha produción.

Dentro de todos/as os/as profesionais do sector, gustaríame falar dos/das compositores/as da industria audiovisual. E digo industria sen ningún tipo de complexo ou punto negativo: Acaso paixón, profesión ou traballo son termos irreconciliables?

Cando pensamos nunha película, curtametraxe, serie de televisión, etc., é moi probable que se nos veña á cabeza un tema, ou polo menos o anaco dunha melodía. Un grupíño de notas musicais que

incluso podemos asubiar cando estamos na ducha, cociñando ou lavando o coche. Cancións que quedan impresas na nosa memoria e que nos acompañan ao longo da vida. Isto acontece cando os/as bos/boas compositores/as sacan a súa variña e fan maxia... Si, cando atopan esa combinación perfecta de brancas, negras, corcheas, silencios e demais habitantes da partitura para dar vida ás imaxes a través do son.

Son moitos/as os/as compositores/as que compuxeron grandes bandas sonoras ao longo da historia do cine, pero quixera poñer tres nomes na palestra: John Williams, Ennio Morricone e Hildur Gudnadóttir. Un de Nova York, outro de Roma e outra de Reykjavik. Sen dúbida, tres nomes que resoan con forza no "olimpo cinéfilo".

Atreveríame a dicir con toda seguridade que a maioría de nós podería cantaruxar algunha melodía do compositor estadounidense John Williams (1932): Star Wars, Indiana Jones, Tiburón, A lista de Schindler, Harry Potter... O afamado cineasta Steven Spielberg –un tándem perfecto ao longo da historia–, dixo del que "era atemporal e ía camiño de ser eterno". Se o di Spielberg, como negalo!



Fillo dun percusionista da orquestra de radio CBS, estivo exposto á música desde unha idade temperá. Comeza a estudar piano cando era neno e máis tarde asiste tamén a clases de trompeta, trombón e clarinete. Moi axiña a súa carreira como compositor comeza a tomar forma, tratando de orquestrar as súas propias pezas cando era adolescente. En 1948 múdase a Los Angeles coa súa familia, onde estuda composición en privado e tamén brevemente na Universidade de California. En 1951 é recrutado

nas Forzas Aéreas dos EE.UU., e durante o seu servizo, encárgase de organizar a música da banda e tamén de dirixila. Un exemplo de talento e constancia desde ben noviño.

O segundo nome dese "olimpo cinéfilo" é o do italiano Ennio Morricone (1928-2020), outro "deus" consagrado na composición de bandas sonoras: Cinema Paradiso, O bo o feo e o malo, La misión, Malena... Canta beleza concentrada, cantos recordos que nos transportan a lugares distantes, a outras vidas cheas de intensidade e aventuras infinitas.

De pequeno foi compañeiro de colexio de Sergio Leone –outro tándem perfecto– co que máis tarde colaborou en case tódalas súas películas ata a morte deste. Tralo colexio ingresou no Conservatorio Santa Cecilia de Roma, onde estudou trompeta e composición. A súa carreira cinematográfica empezou nos 60 e foi realmente prolífica, contando con máis de 500 traballos feitos.

A compositora islandesa Hildur Guðnadóttir (1982), tamén violonchelista, pertence a outra xeración e desenvolve unha importante carreira na industria audiovisual. Prové dunha familia de músicos, o seu pai é compositor, clarinetista

e profesor de música e a súa nai, cantante de ópera. Empeza a tocar o violonchelo aos cinco anos e debuta aos dez anos acompañando á súa nai. Posteriormente estuda na Reykjavik Music Academy composición e novos medios na Iceland University of the Arts e na Universidade das Artes de Berlín.

Entre as súas composicións máis recoñecidas atopamos as bandas sonoras para a serie de HBO, Chernobyl e para a película Joker. Segundo contou Hildur, a música de 'Chernobyl' compúxoa xunto a Chris Watson e Sam Slater na mismísima central nuclear de Ignalina (Lituania), onde se rodou boa parte da miniserie. A citada central, hoxe día sen actividade, é coñecida como 'a irmá de Chernobyl' debido ao gran parecido estrutural do seu reactor co da central que sufriu o accidente. Os músicos gravaron na central todos os sons posibles cos que posteriormente compuxeron a BSO. "Á parte da miña voz, cada un dos sons da música foron gravados na propia central nuclear. Conseguimos extraer das portas as melodías máis delicadas e sacar os rúidos máis atronadores das salas dos reactores e das turbinas".

Música de cine ou música para vivir mil vidas.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@amarinaxa.com

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amarinaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

DE RUTA EN RUTA

Lourenzá: Ruta do val

Unha viaxe que permite ao visitante disfrutar da natureza e da arquitectura así como da famosa faba laurentina

Este roteiro circular comeza en Lourenzá e os seus primeiros metros discorren polo beira do río Batan, preto do núcleo urbano.

Para comezar esta ruta deberase atravesar distintos núcleos de poboación entre grandes extensións de plantacións da típica faba de Lourenzá, e no camiño atoparanse con igrexas e pazos como o Pazo de Tovar, completamente restaurado e visitable con guía. O camiño seguirá pouco a pouco ata chegar ao miradoiro dá Valiña, onde se divisan bonitas vistas do val de Lourenzá.

Despois de admirar esta magnífica paisaxe haberá que seguir o camiño tralo miradoiro o cal levará aos paseantes ata o Monte do Calvario e á poboación de Santo Tomé, onde poderanse ver casas con arquitectura colonial como no barrio de Chao, a da Igrexa, a do barrio da Pontenova, ou na Veiga; admirar o pazo de Santo Tomé que está realizado en en sillería de granito con cuberta de lousa a catro augas e na primeira planta, no centro da fachada

principal hai un escudo franqueado por dúas portas con balcóns; ou á área de recreo do Pereiro onde hai un paseo peonil con encanto por ambas marxes do río Baos e ademais conta con pontes de madeira e saltos de auga.

Despois chegarase a San Adriano por pistas de concentración parcelaria para atoparse coa Igrexa parroquial, unha antiga escola, varios muíños de auga e unha calera antiga, para proseguir desde aquí cara a Canedo e poder visitar o castelo de Tovar.

Esta edificación é un monumento exemplar da arquitectura gótica isabelina do municipio e consta de varios corpos cuadrangulares, sendo o corpo principal rectangular flanqueado por dúas torres cadradas, fabricado todo iso en cachotería pizarrosa con sillería de granito nas partes nobres. O conxunto foi mandado construír por Antonio de Tovar (xentilhombre do emperador Carlos V) en 1530 segundo consta nunha inscrición que contén un escudo no que aparecen as ar-

mas dos Andrade, situado na fachada Este da torre da homenaxe, repleta de fiestras góticas e con pequenos escudos coas armas dos Ribadeneira, Bolaño e outros en todos os seus ángulos altos. A porta principal do pazo é de arco gótico isabelino con dous bustos en baixorrelieve labrados nos salmeres e encimados pequenos escudos. As torres teñen ameas, troneiras, seteiras e barbacanas.

O seguinte tramo do roteiro será ata chegar ao cruce coa estrada provincial de San Xurxo a Alaxe, e conta con algo máis de 3 km de roteiro de montaña onde hai tramos de acceso só peonís pero de gran beleza natural e tramos de pistas de terra aconsellable só para xente bastante acostumada a diferentes tipo de terreos.

O último tramo de montaña, é duns 1.500 metros polo monte Vilar, ata chegar ao pavillón polideportivo J. Antonio Otero Fernández, de Lourenzá. No alto do monte Vilar, podemos divisar vistas de toda a zona ata Foz.



DATOS



5 h 30 min.



20,11 km.



Dificultade media



HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605